

andaina



CAMPO DE BATALLA

andaina 40

SUMARIO

- 3 Editorial
- 4 Denuncias e comentarios
- 12 A permanencia do pasado:
A muller e a publicidade radiofónica
- 16 Violencia de xénero:
O crime encuberto máis frecuente do mundo
- 23 Os dereitos das mulleres
no Tratado da Constitución Europea
- 27 Nin putas nin sumisas
- [Entrevista] 31 Pye Jacobson
- 37 Mulleres afgás: o canto ou o suicidio
- [Libros] 44 Por mal camino
- 46 Un milagro en equilibrio
- 49 Mara y sus amigas
- 51 En tiempos de Antoñita la fantástica
- 54 Mercedes e a vida nómade
- 56 Dos rombos

Revista Galega de
Pensamento Feminista

Primavera, 2005

Apdo. 1058
Santiago de Compostela

www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

CONSELLO DE REDACCIÓN

Ana Arellano, Nanina Santos,
Berta Rey, Milagros Becerra,
Felicía Estévez, Laura Gómez e
Ana Luisa Bouza

COLABORAN NESTE NÚMERO

Amparo Huertas Bailén
Sabela Álvarez Núñez
Ana Luisa Bouza Santiago
Fadela Amara
Laura Gómez
Nanina Santos
Raquel Barreiro
Isaura Graña
Áurea Sánchez
Ana Piñeiro García
Sofía Sequeiros

DESEÑO GRÁFICO
CEBRA

IMPRIME
Grafisant, S. L.
D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente
coas opinións dos artigos que aparecen
nesta revista

EDITORIAL

A liberdade das mulleres

Liberdade de ser o que queiramos dentro do que as posibilidades de escolla nos permiten porque a liberdade abstracta non é, e é no dado onde temos que medrar, cambiar, elixir, romper, afianzar.

Liberdade para abrir esas portas que estiveron fechadas con chaves feitas de distintos materiais:

- Inseguridades propias e medos cos que unha convive.
- Temor aos dedos sinaladores das xentes –ou grupos de xentes– sempre dispostas a ter de quen falar, a quen *cortarlle un traxe* ou *chibos expiatorios* nos que resolver pánicos e temores.
- Leis penalizadoras e sancionadoras do considerado *fóra do normal*.
- Exclusión, soedades, desarraigo...

Moitas pioneiras empurraron esas portas, as veces até a extenuación, co único propósito de ser o que elas querían: literatas, activistas sociais, políticas, arquitectas, universitarias, deportistas de élite, ministras de Deus, obreiras con salarios dignos e iguais aos dos compañeiros varóns, escultoras, científicas...

A todas elas, coñecidas ou anónimas, de aquí ou de alá, hoxe lembrámolas saudando a Ellen Mac Arthur, tan valente, tan audaz, tan forte como para cruzar os océanos soa, sen escalas. Heroína viva que se forxou coa súa vontade e coa forza transmitida pola súa nai e pola súa avoa que

a animou, desde nena, a non deixar de pelexar polo que ela quixera ser. Heroína capaz de desafiar os ventos e as tempestades, as ondas dos mares e dos océanos, os desánimos e os medos, a soedade e os fríos.

E a Christine Wheatley, británica como Ellen, que acaba de ver truncadas as súas aspiracións de ser deputada do Partido Laborista reemprazando a Jack Cunningham que se xubila. Rexeitárona ao ler a biografía que apresentou. Christine estudou Políticas, Filosofía e Económicas en Oxford onde se licenciou. En París exerceu a prostitución en 1979 e, *esa mancha* rachou as súas ambicións. Se non se soubese, podía ser. A hipocrisía é unha marca da casa. O orgullo de ter exercido a prostitución (ou exercela) non se pode admitir. Esta sociedade, tan avanzada ela, non está disposta a toleralo.

A idea da interesante pensadora, activista e mística Simone Weill (1909-1943) todavía dista moito de imaxinarse: **todas as persoas temos dereito a idéntica cantidade de respecto**. Tanto a puta como a raiña, o peón da construción e o primeiro ministro, a inmigrante sen papeis e o fiscal xeral do Estado, por poñer uns poucos exemplos.



Pódese tolerar a corrupción e as corruptelas, os fraudes, os acosos morais e/ou sexuais nos traballos, infrinximento de leis en asuntos graves e graos máximos. Pódese ser presidente de goberno chegado a el de xeito non limpo ou mesmo por golpe de estado e ser recibido polos mandatarios de cáseque todos os países. Pódense dar ordes de tortura a seres humanos en situacións extremadamente vulnerábeis que non pasa maior cousa. Pero, aí de ti como teñas negocios co sexo e, sinaladamente, co teu propio sexo!

A liberdade das mulleres para ser, mesmo molestando á sociedade de orde que teima sempre en tracexar os marcos e as extremas da nosa liberdade.

ONDE ESTÁN? ONDE ESTÁN?

Michele Bachelet, filla dun coronel de aviación leal a Allende torturado até a morte, foi tamén torturada cando tiña 20 anos. Con frecuencia atopábase no ascensor do edificio de Santiago de Chile onde vivía co que foi o seu torturador. O home miraba para as puntas dos zapatos mentres duraba o ascenso ou descenso na caixa do ascensor e ela buscaba a súa mirada para demostrarse a si propia que xa non lle tiña medo.

E grazas á valentía desta Michele e outras miles de persoas Chile leva afrontando un proceso moi difícil de memoria: testemuños de

35.000 vítimas de prisión política e tortura durante os dezasete anos que durou a ditadura de Pinochet foron recollidos no Informe Valech (Serxio Valech, o bispo católico que presidiu a comisión).

A tortura, unha práctica masiva destinada a crear terror na poboación, era practicada polas forzas armadas, como veu a recoñecer o actual xefe do exército Juan Emilio Cheyre desmentindo o argumento pinochetista de «exceso individual», por policías e por outros membros dos aparatos de seguridade do Estado.

Hai 1200 recintos identificados nos que se aplicaron aos detidos flaxelación, electricidade, abusos sexuais, sodomia, violacións con cans amaestrados, fusilamentos simulados, queimaduras con cigarros, inmersión en augas fecais, asfixia até

o borde da morte... (estadios, campos de instrución, academias militares, instalacións aéreas e navais, buques da armada, cuarteis...).

Este proceso para afrontar a verdade inclúe, como pide a Comisión Rettig que elaborou o informe, a absolutamente necesaria reparación ás vítimas. A tortura, esa práctica tan espallada e á que con dificultade accedemos, porque como decía Carlos Franz en «La memoria de la tortura», *El País*, 21-11-2004: «A tortura ten ese corazón tan negro: o verdugo asocia a vítima á súa propia

abxección, forzándoa a dicirlle o que quere oír (o que o outro endexamais tería querido oír). Creando así a máis nauseabunda das complicidades».

Ninguén dubida en considerar a valentía do país chileno afrontando de xeito tan específico a tarefa de recordar a dor da tortura, para a memoria profunda do país, capital cultural delicado e difícil de acumular. Porque é moi difícil recordar ese corazón tan negro no que un se pudo ver envolto, por fácil que sempre resulte desde fóra *instruír o afectado sobre os seus deberes de recordar e testemuñar*. Mentras en Chile a Comisión recollía as declaracións dos

voluntarios que incrementaban sen parar o informe, tivemos constancia explícita dalgunhas torturas practicadas polos exércitos ocupantes en Irak, onde tamén os gobernantes de USA pretenden tirarse a espiña de enriba apuntando aos «excesos individuais» dalgunhas soldadas e soldados. ☞




MÁS DE 450 MULLERES

De xaneiro de 2004 a


xaneiro de 2005 máis de 450 mulleres

de distintas idades e condicións foron asasina-
das en Guatemala, ese pequeno país de 11,5 millóns
de habitantes, devastado por trinta e seis anos de guerra
civil (1960-1996) con 260.000 desaparecidos.

Bandas de barrio, chamadas *maras*, que chegan a sumar uns
10.000 na capital, implacábeis na defensa do *seu* territorio (que
tamén inclúe as súas compañeiras que eles consideran da súa
propriedade. Ai da moza que decida abandonar un *marero*!). ☞

Centos de apoios rubrican o manifesto difundido en Francia: «Ser de cultura musulmá e oporse á misoxinia, á homofobia, ao antisemitismo e ao islam político». «Quen asinamos este manifesto, mulleres e homes de cultura musulmá –crentes, agnósticos ou ateos– queremos denunciar coa maior enerxía as declaracións e os actos de misoxinia, homofobia e antisemitismo aos que estamos asistindo en Francia e que se reivindicán en nome do islam. Cremos que os mesmos poñen de manifesto unha triloxía característica do islamismo político que causa estragos desde hai tempo en moitos dos nosos países de orixe, e contra o que temos loitado antes e estamos resoltos a seguir loitando». O manifesto estrutúrase nesa introdución en catro pequenos apartados: a igualdade de sexos, unha condición previa para toda democracia; alto a homofobia; contra o antisemitismo; un laicismo vivo. Para quen queira seguir a información ou poñerse en contacto: pcmha@noos.fr 

DEPORTISTAS DO 2004


Nos Premios Galicia 2004 a Xunta de Galicia acordou premiar os mellores deportistas do ano pasado. Alí ao lado de deportistas xustamente nomeados como o piragüista de Cangas David Cal aparece Chus Lago, a primeira que consegue chegar ao cumo do macizo Vinson na Antártida, o equipo feminino de Hockey de Ourense Bule Bule ou o premio revelación, Marta Silva. Parécenos obrigado que se visibilice as deportistas, sempre escurecidas ou en segundos planos e aínda hai moitas as que facer honra. 



PILAR MANJÓN



Pilar Manjón, a quen coñecemos en decembro 2004 sobrecolléndonos cando compareceu ante a comisión parlamentaria que investiga o atentado 11-M poñendo no punto de enfoque o problema á vez que criticando o uso partidista e o oportunismo que se estaba a facer coas vítimas, foi elixida presidenta da asociación de vítimas 11-M para tres anos.

Pediú aos asociados «unidade para seguir loitando pola verdade, pola xustiza e pola paz» e prometeu que «non nos deixaremos manipular por quen intentan meternos baixo a bandeira dos seus partidos ou enfrontarnos a outras asociacións de vítimas». 

GRAVEMENTE FALSO ?

O preservativo, ese vellísimo invento testemuñado en pinturas rupestres prehistóricas (Covas de Combarelles-Francia).

Os romanos usaban tripas de carneiro para protección de venéreas, ao igual que os antigos exipcios, que o facían con fundas de liño e pel de cocrotilo ou os chineses do século X con papel de seda humedecido en aceite e os gregos con tripas de cabra.

Desde o XVI xeneralízase en Europa o seu uso. Gabrielle Fallopius, profesor en Padua (1500) fixo un experimento cunha vaíña de liño entre 1000 varóns, concluíndo que ningún deles se infectou de sífilis.

Como medio para evitar o embarazo recoñécese en 1700.

No XVIII eran populares as tendas de condóns en Londres, nas que tamén se despachaban modelos de segunda man moi ben lavados, e a prezos máis asequibeis para a xente modesta.

Para 1844 substitúese a tripa por latex e por 1870 sae o primeiro preservativo de caucho.

En 1994 substitúese o latex por poliuretano, máis forte e sensíbel.

Con ese entrañábel percorrido histórico, evitando tantos embarazos e tantas enfermidades venéreas din agora os bispos por boca do seu voceiro Martínez Camino que é mentira solemne ou nas súas palabras «gravemente falso» soste que o preservativo evita contaxios, amén de promover a promiscuidade.

É o momento oportuno de lembrar unha vella pintada en muros da fermosa cidade de Compostela: Todos *con-don* Manuel. ☞



SECCIÓN DE NECROLÓXICAS

Ten razón Inés, sempre ten razón: a sección de necrolóxicas de *El País* é unha verdadeira fonte para coñecer mulleres que se significaron nos estudos, nas investigacións, nas artes ou deportes.

Alí as coñecemos ou temos noticias súas unha vez mortas. En necrolóxicas.

Fixádevos e veredes que é así.

Non as coñecemos de vivas, pero si de mortas, co que poderíamos aplicar idéntica proposición que ás heroínas da ópera: Eles, prefírenas mortas.

Sempre quero escribir este comentario desde que Inés me dixó que nos fixasemos e sempre se me vai pasando.

Esoutro día (*El País* 12.02.05), ao ler de Miriam Rotschild, de 96 anos, autoridade mundial en insectos parásitos e en particular de pulgas, díxeme, desta non pasa e trouxen este comentario aquí. *In memoriam* de Miriam, que morreu o 20 de xaneiro de 2005. ☞


A policía local de Pilot Point en Texas (USA) ordeou a unha galería de arte cubrir os peitos dunha Eva espida.

O artista norteamericano Dwight Wesley Miller concebira un mural inspirándose na obra de Miguel Anxel *A Creación de Adán*.

Primeiro houbo cidadáns escandalizados que chamaron á policía, logo o *sheriff* que ordeou por escrito ao dono da galería que cubriera a Eva, so pena de detelo por distribución pornográfica a menores (Non é marabilloso?!).

O artista colocou unha cinta sobre os peitos de Eva onde se podía ler «Escena dun crime».

Coa Unión Americana de Liberdades Cívicas, apresentou un recurso contra a policía de Pilot Point por ataque á liberdade de expresión. ☞



MARIGOL

Marigol chámalle en México a Maribel Domínguez. Ela ousou desafiar a Federación Internacional de Fútbol (FIFA) en decembro de 2004 ao inscribirse no Atlético Celaya da Primeira División Mexicana, aspirando a converterse na primeira muller no mundo en formar parte dunha equipa profesional masculina.


Naturalmente que a FIFA dixo que non, que até aí podíamos chegar. O Comité Executivo do organismo dixo que no terreo de xogo, homes e mulleres teñen que estar sempre separados.

Maribel Domínguez, que naceu en 1978 en México Distrito Federal e aos 10 anos xa xogaba ao fútbol co Palmeiras de Cidade de México, sofre os límites que no deporte e na sociedade se imponen ás mulleres. Tal e como ela dixo: «Se antes me chamaban marimacho, agora vanme chamar transexual ou travesti». Todo con tal de seguir poñendo freos á vida e sofocando os desexos e aspiracións das persoas que non se conforman co dado. Desde xaneiro do 2005 está fichada na equipa feminina do Barcelona.

MARÍA MONTSERRAT VARELA VÁZQUEZ

María Montserrat Varela Vázquez, compostelá de nacemento e arzuá de adopción mereceu o premio Vicente Risco de Ciencias Sociais polo seu ensaio sobre a cultura popular, traballo ao que se adica desde adolescente, recollendo toda clase de cousas da cultura material e inmaterial de Galiza. Rende homenaxe así, ao pobo, sinaladamente do rural, ademais de contribuir a que non se perda.





VOLTA Ó MUNDO EN SOLITARIO

Ellen MacArthur, navegante inglesa de 28 anos acaba de dar a volta ao mundo en solitario e sen ningunha escala nun barco de tres cascos (1,5 millóns de euros) en 71 días, 14 horas, 18 minutos e 33 segundos, establecendo un novo record.

Gañando en 1 día, 8 horas, 35 minutos e 49 segundos ao record do mundo de travesía en solitario, sen asistencia e sen escalas, que tiña o francés Francis Joyon desde febreiro 2004.

Sendo adolescente decidiu diante do televisor que quería ser navegante e comezou a súa carreira.

Aos 24 anos, máis de 200.000 admiradores foron recibila e testemuñáronlle a súa admiración a Les Sables D'Olonne por ser a primeira muller que deu a volta ao mundo en solitario e ter conseguido o segundo lugar na durísima Vendée Globe. Di que recibiu a forza e a teimosía da avoa Nan que lle transmitiu coa súa vida o valor de ser un mesmo por riba de todo. «Nan ten sido sempre para min unha grande fonte de inspiración, porque ela tiña un soño e non o deixou escapar», di Ellen. Non é fácil a súa aventura: require valentía e coraxe, capacidades para resolver as moitas averías que se suceden nunha viaxe así, para estar 71 días coas súas noites en soedade (por moita radio, GPS, correo electrónico), para aguantar a fatiga física, durmir en alerta ou sortear baleas, ventos e temporais. Cando chegou, dixo que o que máis lle chocara, fora reencontrarse coa mirada da xente. ☞

Cherie Byrd psicoterapeuta de 56 anos creou en Seattle (Washington) unha *Academia do bico* pola que pasan centos de parellas. Alí son alentados os enamorados para que substitúan os agasallos tradicionais ofrecendo agasallos do corazón, «a túa enerxía transferida ao corpo doutra persoa». Previamente hai que relaxarse e esquecer o entorno, logo mirar os ollos da parella e prestar atención aos sinais que recibe o corpo. Todo isto está tamén no libro *A escola de bicar: Sete leccións en amor, beizos e a forza da vida*. ☞

ACADEMIA DO BICO

Tan vital resulta para moitos varóns *o tamaño* que se fian de ofertas miragreiras que se promocionan aquí ou alí para agrandar até 7 cm o seu pene.

Máis dun millón de clientes estafados en USA están involucrados en demandas colectivas contra empresas que levantan o vo no momento en que hai avogados, denuncias ou demandas por medio. Michael Coluzzi, un deses clientes dos produtos fantásticos, pagou 50 euros por unhas pastillas e seguiu ao pé da letra as instrucións que promovía a empresa Alzare de Boca Ratón (Florida) sen que o tamaño se movese nin un milímetro. ☞

OFERTAS MIRAGREIRAS

CONSERVADORES DESFORADOS

Por que se poñen dos nervos coas vodas gais?

Os conservadores de todos sitios andan desaforados coas leis ou anuncios de legalización destas unións.

Mentres algúns escenifican enlaces entre homosexuais (na foto en Nova Iorque), outros, temendo que «os piares fundamentais da familia» se veñan abaixo, lanzan

arengas e soflamas contra as leis que queren remediar situacións de inxustiza. Así, o líder relixioso estadounidense James Dobson acusando o primeiro ministro canadiano –que anunciou a comezos de febreiro a legalización total das unións gais elésbicas–, de «corromper a vontade da xente», crendo defenderse deste xeito «da libertinaxe do país veciño». 6



A QUE FAMILIAS SE REFIREN?

O Foro Español de la Familia, oficina que dirixe Ignacio Tornel asegura que o seu colectivo representa a 4.000.000 de familias «que esixen ser escoitadas» antes de que comece o trámite parlamentario do proxecto de lei que presentou o Executivo para regular os matrimonios civís entre parellas do mesmo sexo. Mandaron unha exigua delegación de 20 persoas ao Congreso dos Deputados con carteliños que dicían «Zapatero non resposta ás familias».

A que familias se refiren? Como contabilizan eses millóns de familias? Van señores ou señoras ao seu foro e inscriben toda a súa familia? Voltamos ao *cabeza de familia* de tempos precedentes que decidía polos demais membros nun exemplo de familia democrática onde as haxa?

Por outro lado, facendo unha media de tres persoas por familia inscrita, son uns 12.000.000 de membros individuais asociados a ese foro. Por favor, que Zapatero os reciba sen tardanza que non hai asociación, sindicato ou foro en España tan numeroso e representativo.

Nin sequera os votos do Partido Popular, que mira que son moitos, chegan tan lonxe! 6

Juan Orellana, director do Departamento de cine da Conferencia Episcopal Española, animado e respaldado pola Conferencia Episcopal estase aplicando de firme para demostrar que *Mar Adentro* «non é unha boa película, pois terxiversa a propia natureza cinematográfica, xa que usa medios dun xénero de suspense para outro xénero totalmente distinto, para conseguir uns fins claramente ideolóxicos», criterio tan interesante como o xuízo de Orellana sobre o director do film: «Alejandro Amenábar é un gran director, pola capacidade que ten de usar a linguaxe, e coñece moi ben o seu traballo, porén nunca chegará a ser un grande cineasta porque non ten nin idea do que é o home e, por iso, sempre se quedará sen chegar á altura dos mestres».

Non se me ocorre nada, ou quizais si: pasarlle unha lista longa de películas para que Orellana e a Conferencia Episcopal as analicen e nos digan que tal e que pasa cos directores. De paso, pedir ao Goberno que arbitre espazos públicos de crítica cinematográfica específica para Orellana ou outros membros da Conferencia Episcopal, para que nos instrúan sobre cine e sobre directores e mesmo que os bispos nomeen os profesores de cine en institutos e facultades. Mira que vimos películas malas que se inflou a Igrexa a proxectarnos na nosa infancia! Mira que hai películas malas de solemnidade e eu non oín os dirixentes eclesiásticos dicir unha palabra!
Por que a terán tomado con *Mar Adentro*? 6

INTERESANTE CRITERIO...



IMÁXE DO 2004
Esta foto de Arko Datta foi premiada polo World Photo Press: En Cuddalore, un pobo de pescadores ao sur da India, unha muller chora ao recoñecer o corpo dun familiar afogado polo tsunami. 6



O Estudo Manpower que dirixiu Josep Oliver da Universidade Autónoma de Barcelona conclúe que os salarios das mulleres españolas está un 34,7% por debaixo do salario dos varóns.

Que é o que permite que isto sexa así?

A desigualdade é meirande no sector privado, un 50% menos para as empregadas. No sector público, redúcese a un 10,7% .

No estudo explícase que o nivel salarial dunha persoa está determinado polo capital humano da persoa traballadora (nivel educativo, experiencia, habilidade...); polas súas propias decisións (traballar máis ou menos horas, por exemplo) e por características relacionadas coa propia empresa (o tamaño...).


Agás no nivel educativo, o resto de variábeis están sempre en contra da muller.

O sector de servizos persoais (perruquería, servizo doméstico...) é o que presenta unha maior desigualdade entre salarios de homes e mulleres, mentres que o sector da construción amosa as menores


diferenzas. Neste sector as mulleres gañan un 6,6% máis que os homes. Isto débese a que existen poucas traballadoras e as que están teñen un nivel de formación e responsabilidade moi elevados (arquitectas). A desigualdade nos salarios redúcese ao 15% no caso dos executivos: a maior responsabilidade, menor desigualdade salarial entre os sexos, e ao revés, a menor responsabilidade laboral, meirande desigualdade salarial.

En postos de traballo non cualificados, os homes gañan o dobre de media que as mulleres, porcentaxe que vai diminuindo até situarse no 25% máis que gaña un emprego profesional (titulado) en comparación cunha empregada profesional. As mulleres ocupadas con contrato indefinido gañan de media un 34% menos que os varóns. Esta porcentaxe baixa ao 32% entre as que teñen outro tipo de contratos.

No sector industrial, os empregados cobran de media un 65% máis que as empregadas, un 57% no sector servizos privados, un 28% nos servizos colectivos e un 22% máis no sector primario. Entre este informe e a enquisa de Estrutura salarial 2002 do INE hai diferenzas de matices no xeito de interpretar os datos e as variábeis a considerar. As discriminacións son sofisticadas e as diferenzas salariais agáchanse ao considerar e atribuír ao traballo dos varóns responsabilidades e dificultades maiores.

Ou sexa, que eles, traballan menos (porque o groso do traballo doméstico e responsabilidades familiares segue recaendo nelas), porén cobran máis. E aínda hai quen di que o feminismo está pasado de moda! 

«As políticas de igualdade entre homes e mulleres nos mundos da arte: deseñando estratexias», un

interesante debate no Foro de ARCO que puxo ao descuberto que aínda que as artistas mulleres din cousas e as din estupendamente, teñen unha menor visibilidade. Uns poucos exemplos: no Centro de Arte Reina Sofía, das 28 exposicións individuais que se programaron no 2004, só catro eran de artistas mulleres; das 43 exposicións individuais organizadas desde 2002 pola Sociedade Estatal para a Acción Cultural Exterior, só dúas son de mulleres; na lista dos 100 artistas vivos máis relevantes do panorama internacional que publica *Capital*, revista alemá, só quince son mulleres; en Belas Artes xa hai anos que as mulleres son máis da metade, pero acadan o mesmo nivel de recoñecemento que os varóns só un 15%. O argumento máis usado, a calidade. Dáse a casualidade de que a calidade sempre atinxe a mulleres ou de que son sempre mulleres as que non teñen calidade e o peor, no dicir de Alicia Murría, directora da revista *Artecontexto*, «é que non hai conciencia entre as artistas de que aquí hai un problema e se autoconvencen de que non teñen talento ou, se triunfan, néganse a verse como unha excepción». 

A permanencia



do pasado a muller e

AMPARO HUERTAS BAILÉN*

A publicidade radiofónica concede maior valor á voz do home que á da muller. Tanto se se atende a aspectos cuantitativos como a cualitativos, así queda en evidencia nun estudio feito sobre 100 anuncios emitidos por emisoras do noso país no mes de febreiro pasado.

A presenza de voces masculinas é moi superior á feminina. O tipo de anuncio máis extendido é o feito cunha soa voz e, neste apartado, dominan aqueles que empregan un timbre masculino.

Por outro lado, continúa asignándose á voz do home máis credibilidade. Tres son as funcións dominantes dos locutores nun relato radiofónico publicitario: informar, incentivar ou interpretar unha breve historia. E, aínda que é certo que tanto voces femininas como masculinas adoitan ter o obxectivo de informar e de incentivar, tamén se dan certas diferenzas de xénero. As voces masculinas adoitan ter a última palabra nas cuñas radiofónicas, interveñen a modo de peche

reafirmando a frase máis importante, o eslogan. E no apartado das dramatizacións, as personaxes femininas son as máis habituais.

Esta permanenza de valores máis propios do pasado tamén queda en evidencia cando se analiza o contido dos relatos publicitarios. Resulta chamativo o papel tan diferente que eles e elas de-

*Profesora Tiular de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universitat Autònoma de Barcelona.



a publicidade radiofónica

sempañan nos guións onde se interpretan situacións cotiás. As mulleres adoitan aparecer conversando coas súas amigas sobre festas e moda, e as súas preocupacións céntranse no fogar (decoración e fillos, esencialmente) e no seu aspecto físico (métodos para adelgazar e operacións de estética). Eles, en cambio, adoitan dialogar cos compañeiros do traballo sobre a necesidade de renovar o equipo informático da empresa ou de ampliar os estudos para poder pedir un ascenso. Ademais, resulta preocupante que, nos escasos exemplos nos que a muller aparece ocu-

pando un emprego fóra do fogar, se cuestione a súa profesionalidade. Un exemplo: unha telefonista aproveita o seu lugar de traballo para vender o seu piso e un home advírtelle ao final da cuña que existen outras maneiras máis eficaces de facelo. É dicir, ela non só incumpre as normas do seu traballo, senón que tamén descoñece como proceder para vender o seu piso. Nun segundo exemplo aparece unha doutora que atende un paciente. A expresión da voz feminina pon en evidencia a súa falta de profesionalidade, a súa inseguridade e ignorancia (tatexa, dubida...), men-

tres que o enfermo, un home, resulta ter un maior coñecemento sobre a súa enfermidade.

Unha especial atención merecen as narracións publicitarias que reconstrúen diálogos entre os dous membros dunha parella. Nestes casos, a imaxe dominante que se dá dela é a dunha muller caprichosa, ou preocupada por temas que el considera secundarios, e ante a que o home sempre *ten que ceder* (ela quere ir de viaxe cando a el non lle apetece, ela quere cambiar os mobles cando el considera que non é necesario, el non sabe qué regalarlle porque a súa muller só



quere agasallos caros, ela rifa co seu home por como viste ou ela leva máis de dous meses buscando en solitario o restaurante para o convite da voda). Non obstante, aínda que escasos, tamén se dan exemplos nos que é el quen expón os seus antollos.

As cuñas publicitarias radiofónicas tamén dan unha imaxe diferente en canto á relación que os fillos e fillas teñen cos seus pais. Mentres que elas han de explicar á súa familia todo o que fan, temendo a súa reacción, os pais móstranse máis permisivos cos fillos varóns. Así, nun anuncio un pai advirte á súa filla que a acompañará os sábados pola noite se volve a chegar tarde e, noutro relato, cando un xove comunica que quere facerse unha tatuaxe, o pai dille dun centro onde lle farán dúas polo prezo dunha.

Outras diferenzas claras detéctanse cando se atende ao sector ao que pertence o produto anunciado. Mentres que a voz masculina se utiliza nun amplo abano de sectores económicos, o emprego de voces femininas queda restrinxido a un grupo máis reducido. Esta conclusión resulta lóxica, dado que a presenza de timbres masculinos é superior. Agora ben, esta pers-

pectiva é necesaria xa que permite descubrir que hai ámbitos case exclusivos dun e outro xénero. Neste sentido, o máis destacado é o feito de que a muller destaca nos anuncios sobre cuestións de saúde e beleza, mentres que practicamente todos os espazos que promocionan produtos culturais son realizados por voces de homes.

A pesar de que as principais conclusións deste estudio sinalan a permanenza de valores máis propios do pasado que da sociedade actual na publicidade radiofónica, non podemos deixar de mencionar que tamén aparecen algunhas tendencias cara á igualdade entre xéneros. En primeiro lugar, son moitos os anuncios nos que se utiliza a combinación de timbres masculinos e femininos. Esta é unha técnica da linguaxe radiofónica para crear produtos sonoros dinámicos, cunha aplicación na publicidade que dá o mesmo valor a ambos tipos de voces.

Por outra parte, apenas se empregan voces femininas con matices eróticos suxerentes. É máis, nos casos en que isto ocorre, adoita ir acompañada de voces masculinas que adquiren tamén ese ton (por exemplo un anuncio sobre os paradores nacionais combina voces de ámbolos dous xéneros e as dúas con entoacións suxerentes, intentan reflectir o pracer e a tranquilidade que aportan estes lugares). Só se achou un exemplo onde a voz feminina é un claro reclamo sexual. Trátase dun anuncio onde se promociona unha festa con

espectáculos eróticos. Neste sector, non só hai anuncios feitos por mulleres destinados a unha audiencia masculina, senón que tamén se dan exemplos de anuncios de homes dirixidos a mulleres.

Por último cabe destacar o feito de que as institucións políticas presentan certa preferencia polas voces femininas ou polo menos asignan de maneira clara o mesmo valor a ámbolos dous xéneros. Por exemplo, os anuncios da recente campaña electoral encamiñados a convencier a xente da necesidade de participar nas votacións estiveron realizados na súa maioría por locutoras. Ademais son voces cun marcado ton neutro, moi profesional, rexistros que foxen da estética sonora feminina clásica. En conclusión, tradicionalmente se considerou que a audiencia radiofónica dá maior credibilidade aos tons graves que aos agudos, é dicir que outorga máis verosimilitude aos locutores que ás locutoras. Coa incorporación da muller ao mundo da comunicación audiovisual, esta tese é cada vez máis cuestionada. Agora ben, cambiar as rutinas de produción no terreo publicitario radiofónico está resultando ser un proceso lento. Por outro lado, os contidos dos guións publicitarios radiofónicos continúan afondando nunha muller preocupada pola súa casa e chea de caprichos. A pesar de ser un entorno favorábel á innovación, onde se require un alto grao de creatividade, a publicidade radiofónica permanece estancada no pasado.

Fragmento dun anuncio dun centro comercial / Unha paciente visita ao doutor:

PACIENTE [moi nerviosa]: Non sei qué me pasa doutor. Saio á rúa e todo ten outra cor. Sinto a necesidade de cambiar, de quitar a roupa, de ensinar o que levo dentro, de abrirme...

DOUTOR [sorpresa]: Pero señora, que... que fai?

LOCUTOR [informa]: Xa sentes o efecto da primavera.

Fragmento dun anuncio dun electrodoméstico / Unha cliente explica a súa experiencia:

CLIENTA: Pois eu pedino máis que nada porque... tiven agora un neno... preocupábame moito o da auga... o de... para... a hora de bañalo... por se se lle irritaba a pel e isto que oíra que había xente que lle pasaba e a verdade é que me vai moi ben para o neno. Logo tamén para as billas, xa non se quedan as pedriñas estas que antes había [...] para o quentador [...]. Eu a verdade é

que non... o instalei, instalouno o meu marido, e xa nos esquecemos del [...].

Fragmento dun anuncio dun curso de formación / Dúas amigas conversan:

AMIGA 1: Ven... pasa [péchase unha porta]. Mira cómo me quedou o piso.

AMIGA 2: Muller, parece outro.

AMIGA 1: Desde que acabei o curso [...] de decorador interiorista, non paro. Cambiei a distribución, a cor da parede...

AMIGA 2: E... por que no te dedicas a isto? Dáseche moi ben.

Fragmento dun anuncio dun curso de formación / Dúas amigas conversan:

AMIGA 1 [animada]: Ben, aquí está a mellor aspirante ao novo posto no estranxeiro. Agora poderás esixir soldo, viaxes, que pasada!

AMIGA 2 [triste e insegura]: A verdade é que é unha gran oportunidade, pero eu non sei falar inglés.

Fragmento dun anuncio dun centro de estética / Unha cliente explica a súa experiencia:

CLIENTA: [...] Non me encontraba ben comigo mesma e cansábame moito [...]. En só tres meses perdín 12 quilos de peso, 12 centímetros de estómago, 9 de cintura, 9 de abdome, 8 de cadeira e 4 de cada perna. Entre outras cousas, facía 25 minutos de relax mentres me daban unha masaxe con vibración por todo o corpo. Adelgazaba mentres descansaba. Quedei moi contenta [...]. A eficacia salta á vista [...]

LOCUTORA: [...] o pracer de adelgazar.

Fragmento dun anuncio dunha discoteca:

LOCUTORA [suxerente]: Espérote este venres á noite [...] para facerte o amor.

LOCUTOR [animado]: Esa noite Censure, a gran festa prohibida.

LOCUTORA [suxerente]: Farei que me desexes...

Fragmento dun anuncio do sector da alimentación / Diálogo dunha parella:

EL [rotundo, pero amábel]: Hoxe ceamos fóra.

ELA [alegre]: Chamo a un xaponés ou a un francés?

EL [amábel]: Noooooon, pedimos pizza e saímos á terraza. Veña, elixe un ingrediente. ☺



Violencia de xénero: O crime encuberto máis

A historia amosa que os homes tiveron sempre todos os poderes concretos; desde os comezos do patriarcado xulgaron útil manter a muller no estado de dependencia.

Simone de Beauvoir

 SABELA ÁLVAREZ NÚÑEZ

A violencia de xénero foi definida pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1993 como: «acto de violencia sexista que ten como resultado posible ou real, un dano de natureza física, sexual ou psicolóxica, incluídas as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria de liberdade para as mulleres, xa se produza na vida pública ou privada». A denominación *violencia de xénero* foi fixada na Conferencia

Mundial sobre a Muller (Pekín, 1995). Se falamos da violencia de xénero no ámbito familiar esta é definida como: «as accións ou omisións violentas exercidas sobre as mulleres por membros unidos a elas por lazos familiares ou de afectividade».

Aclarar que a violencia de xénero é exercida polos homes coa finalidade de exercer a autoridade, a dominación e o control sobre as

mulleres, unha violencia rexentada polos varóns en virtude descrenza –herdanza cultural de xeracións– baseada na suposta e falsa superioridade masculina sobre as mulleres; esta *superioridade* é xa unha agresión en si á dignidade das mulleres. A aplicación da violencia, serve como aleccionamento e como debilitamento para facer máis efectivo o control e a submisión e consegue aumentar o dese-

quilibrio nesa relación desigual entre home e muller.

Moitas son as persoas que pensan que se trata dunha violencia específica das relacións afectivas e familiares ou o que é o mesmo, que se trata dun problema restrinxido ao ámbito doméstico, producido

sicos nos que se relaciona unha persoa: no seo dunha relación de parella en forma de maltrato; na vida que se integra na sociedade como agresións sexuais e no medio laboral a través do acoso sexual». A violencia de xénero procede, pois, das mesmas raíces da

xual e incesto, incluída a violación conxugal; dende as lesións físicas ata a morte; dende o acoso ou fustigamento sexual ata a explotación sexual e tráfico de mulleres, de nenas e de nenos; dende a mutilacións de xenitais ata a escravitude; dende violacións masivas e



frecuente do mundo

nas circunstancias do fogar onde hai conflitos e problemas, mais isto non é así xa que a violencia dos homes contra das mulleres non só se produce neste ámbito. «A muller –tal como di o médico forense Miguel Lorente¹ é agredida por ser muller, non por ser esposa, nai, ama de casa..., de aí que moitas agresións se produzan xa no noivado cando aínda non hai unha relación familiar ou doméstica e tam pouco acaba a agresión cando a relación familiar acaba».

A violencia de xénero, tal como estuda o médico forense Miguel Lorente, fai referencia a «todas aquelas agresións que sofre a muller como consecuencia dos condicionamentos socioculturais que actúan sobre o xénero masculino e feminino, situando a muller nunha posición de inferioridade e subordinación con respecto ao home e manifestándose en tres campos bá-

nosa cultura, vai impresa, de forma case consubstancial, nese modelo masculino tradicional da educación e, polo tanto, o problema da violencia non é un problema individual senón un problema social, de toda a sociedade, e, polo tanto, esixe un cambio de actitude radical, en toda a sociedade, na súa cultura, na educación, nas relacións... xa que todo ser humano que ame profundamente a liberdade e a racionalidade pacífica ten a responsabilidade de cuestionar e de modificar eses valores patriarcais.

Pensemos que a violencia contra as mulleres está presente na maioría das sociedades e que, comunmente, non é recoñecida, senón que se acepta como parte da orde social establecida. Na vida cotiá asume diferentes e múltiples formas: vai dende a violencia emocional con insultos, ameazas, golpes e abusos ata a violación se-

torturas sexuais en tempos de guerra e onde as mulleres son utilizadas como botín –Bosnia, Alxeria...– ata violacións a mulleres e nenas refuxiadas e desprazadas...

A violencia de xénero está documentada tamén en todos os ambientes socioeconómicos; pódese establecer que existe desde a mesma orixe da división sexual do traballo; foi, pois, unha constante na vida das mulleres e esta non é, xa que logo, unha cuestión de nivel cultural, nin de diñeiro, senón cuestión de sexismo; é, pois, unha violencia de tipo estrutural baseada en mitos, normas e valores socio-

¹ *Mi marido me pega lo normal (Agresión a la mujer: realidades y mitos)*, (1ª edición: 2001). O título do libro vén dado por esta sobrecolledora frase que unha muller que sufría maltrato pronunciou diante deste forense cun terrible sentimento de vergoña por ser a vítima.

A violencia de xénero procede, pois, das mesmas raíces da nosa cultura, vai impresa, de forma case consubstancial, nese modelo masculino tradicional da educación e, polo tanto, o problema da violencia non é un problema individual senón un problema social [...]

culturais patriarcais e androcéntricos e, xa que logo, de dominio e poder do home sobre a muller, un dominio que violenta dereitos humanos universais e que contribúe a perpetuar a situación de desigualdade, inferioridade e submisión que teñen as mulleres na nosa sociedade, algo ligado á creación dese sistema arbitrario e binario dos xéneros.

E é que á marxe das diferenzas étnicas, culturais, económicas e relixiosas, á marxe do país no que vivamos, existen moitas similitudes entre nós todas, o que nos converte nunha grande comunidade e o que nos une nas dificultades e atrancos que as mulleres debemos afrontar á hora de vivirmos a nosa independencia xa que hai un poder que está por enriba e por debaixo de todos os demais poderes, este é o poder sexual.

As expresións destes poderes son tan múltiples como serios os seus efectos e alcance sobre a saúde, integridade, liberdade, seguridade e dignidade física e psíquica das vítimas.

Á hora de abordar o maltrato hai que dicir que as mulleres fican atrapadas nunha rede que as deixa paralizadas, incapacitadas, imposibilitadas para poder saír desa situación aldraxante e mesmo, moitas das veces, incapacitadas para saber recoñecer que están vivindo unha situación de maltrato; por iso o feito da denuncia non pode recaer baixo a responsabilidade das mulleres que sofren o maltrato. Esta violencia, de carácter íntimo e con características propias e específicas fronte a outro tipo de violencia, xera nelas, algo ben estudiado por Miguel Lorente:

a) Sentimentos de culpa de que

elas son as que provocan a agresión. O sentimento de saberse agredidas pola persoa que *as quere* e á quen elas queren son factores que manteñen as mulleres acaladas e atrapadas no círculo do terror da violencia –pensemos que non queren romper o fogar, nin deixar os fillos e fillas sen pai; en que, moitas veces, non poden soste-la familia...– e pensemos que *sempre*, como sinala o autor do devandito libro, manteñen a esperanza de que o seu compañeiro cambie.

b) De vergoña por ser a vítima e de que o resto da sociedade se entei-re, de aí que tendan a *minimizar* o maltrato, cousa que nunca sucede con outras vítimas que sofren outro tipo de violencia e que esixen dignamente o cárcere para o seu agresor tal como é salientado por este autor.

c) De medo a quedar soas, sen afecto, de medo a non saber vivir e sobrevivir soas...; pesa tamén nas mulleres o medo físico das ameazas sobre elas, sobre os seus fillos ou sobre as persoas que lles puidesen prestar axuda, sen esquecermonos de que ás veces o home busca colaboradores á hora de exercer presión psicolóxica sobre a vítima ou á hora da resolución violenta do conflito.

Eu tamén diría que é un erro pensar que a rebelión aumenta canto maior sexa o sufrimento. Profundos condicionamentos psicolóxicos producen a adhesión da muller cara ao home, producíndose unha relación de submisión, dependencia, escravitude..., de exclusión delas mesmas. O home lexitima o seu poder máis alá do golpe da forza, convertendo así a súa forza, a través dun complexo proceso, en control e anulación da parella, pola posesión, pola forza..., en dereitos seus e no dominio final e absoluto sobre a persoa da muller. A agresión para el non é

Pensemos que as mulleres participan do mesmo pensamento da sociedade que as infravalora, crendo e interiorizando toda unha serie de principios e valores androcéntricos [...]

gratuíta. Trala agresión física ou psicolóxica sempre hai unha mensaxe: *isto non ocorrería se me fixeses caso, se seguises as miñas regras*. E, apoiado isto, por todo un reforzo social do que falaremos logo, a muller empeza a pensar que o marido ten parte de razón e de aí a reproducir os seus argumentos non hai máis ca un paso. E como mecanismo de defensa, supervivencia e autoprotección ela acaba por esquecer o negativo e refuxiarse no pasado, neses momentos agradables e felices que viviu co seu compañeiro ou marido, cando este era *bo compañeiro, bo marido...* Isto sumiraa nun pozo e nunha cegueira da que cada vez lle será máis difícil saír.

Di Miguel Lorente: «Ao final podemos ver que non é cuestión de vontades, senón de imposición. Non é que as mulleres non queiran deixar a relación ou que o home queira quedarse nela, é que o agresor impón unha relación na que non se contempla outra fin que a perpetuación dunhas circunstancias nas que a muller queda subordinada aos seus criterios; sen poder saír, non quedándose, que é moi diferente».

As mulleres fican, pois, paralizadas e faltan estudos científicos desde diferentes ópticas, serios e fondos, sobre o estado psíquico destas mulleres que axudarían a entender a fondura e a complexidade do problema. Por outra parte pensemos nas dificultades sociais ás que se enfrontan as mulleres e nesas crenzas, valores e mitos que xustifican e lexitimizan a miúdo, a violencia contribuindo e axudando, xa que logo, a que elas fiquen caladas e incapacitadas para pedir axuda. Citemos algunhas destas dificultades sociais ás que se enfrontan:

► Crenzas e tópicos sociais sobre o maltrato onde este é presentado como algo *excepcional*, que

non ocorre nas relacións afectivas normais e que está asociado a un tipo de familia e de clase social ligada a alcohol, drogas, paro, marginalidade, historias de celos...; sendo, pois, vista como unha cuestión privada e onde as mulleres teñen parte de culpa.

► Culpabilización das vítimas: cantas veces escoitamos dicir: por que non denuncian as mulleres os malos tratos se son seres adultos? Pensemos algunha vez que arreo se lles culpa por falar dun problema considerado privado, por non saber solucionalo, por non ser comprensivas cos seus compañeiros, por romper a familia, por afastar os fillos do pai...? Miguel Lorente no libro citado escribe ao respecto: «Non hai que esquecer que a sociedade culpabiliza a muller, tanto pola agresión en si, xa que considera que ela a precipitou por non comprender o marido cando este tiña problemas, como por tomar calquera tipo de iniciativas en contra del ou para saír da situación na que se encontra». Por que a sociedade non se cuestiona por que o fai o home maltratador e non ao revés?

► Moitas veces as mulleres non teñen un mínimo apoio familiar; as amizades desenténdense..., e cantas veces se atopa a vítima con comentarios insultantes, con miradas de desconfianza, con caras raras ou pouco claras, con rumores da veciñanza na súa contra..., con xustificacións ou minimización dos feitos da violencia, que responsabilizan ou culpan as mulleres da actitude desmedida do home...?

► E logo o silencio desas persoas que se senten máis alá do ben e do

mal, un silencio que as converte en cómplices por denegación de auxilio ás vítimas, por permitir que quen maltrata se sinta lexitimado na súa falsa superioridade, e cómplices, nunha palabra, por axudar e contribuir con ese silencio a lexitimar a violencia.

► Temor a perder os seus fillos e fillas, temor ao rexeitamento da súa propia familia e daquelas persoas amigas que pasan a mirala con receo e a non crela, temor á vergoña que a sociedade lles fai sentir...

► E os mitos de ser elas as provocadoras do conflito, co obxecto de obter unha separación beneficiosa que lles permita quedar coa casa ou cos fillos...

Non conlevan estas actitudes ao illamento social para as mulleres? Non conlevan estas actitudes a que as mulleres sintan culpabilidade e unha profunda dor e soidade? Non as conducen a calar, sufrir en silencio e a asumir o seu estado de maltrato cando o que precisarían sería notar estendida ao seu redor toda unha rede de apoio social para poder emprender a marcha cara á liberación? Non as conduce isto a que *minimicen* a violencia vivida para poder sobrevivir na miseria na que están sumidas? Diante de todo isto, como nos pode sorprendere que as mulleres sintan vergoña, se sintan culpables e que cheguen a pensar que algo *non fixeron ben* se é a mensaxe que reciben arreo da sociedade?

Pensemos que as mulleres participan do mesmo pensamento da sociedade que as infravalora, crendo e interiorizando, toda unha serie de principios e valores androcén-

tricos e sendo preparadas, pois, para dicir aquilo de *o meu marido pégame o normal*, un concepto que non parte da muller, senón do contexto sociocultural do que participa, como ben explica Miguel Lorente.

Ocórreseme ao respecto este símil: algunha mente democrática culpabilizaría a xente negra de ter

lítico, tanto na súa orixe como en todas as súas múltiples manifestacións xa que este está, dende a mesma orixe do sistema patriarcal. E pensemos na dimensión do problema: a mortandade de mulleres por esta causa, supón dez veces máis có número de vítimas polo terrorismo político e a sociedade aínda segue sen reaccionar.

O ciclo da violencia

A violencia dáse nunha dinámica de produción que o persoal profesional da psicoloxía chamou *ciclo da violencia*. A violencia é unha espiral ascendente que vai dende agresións verbais ata as máis brutais. E esta é unha espiral imparabile se non se rompe a relación. Este sería o ciclo:

[...] é moito hora de que todo o aparato social rache con ese silencio cómplice que lexitima a violencia dos homes contra as mulleres e que xa é hora de comprometerse dun xeito claro e activo para non axudarmos a contribuír a ocultar «o crime encuberto máis frecuente do mundo», tal como o definiu Nacións Unidas

sufrido escravitude? Por que se culpa, pois, as mulleres de sufriren a violencia de xénero?

As actitudes da sociedade deben axudar a que as mulleres rompan con ese ciclo da violencia, facéndolles sentir que nunca pode haber normalidade na violencia xa que se non, xamais contarán coa capacidade crítica suficiente para enfrontarse a ela.

A muller maltratada debería contar co apoio, en primeiro lugar, da súa familia, o que moitas das veces non é doado, por incomprendible que pareza; en segundo lugar, das persoas amigas; estas dúas cousas poden resultar esenciais para dar ese primeiro paso á hora de emprender o novo camiño liberador. E en terceiro lugar debe percibir, con total seguridade, que toda a sociedade está de parte da vítima e de que esta culpa claramente o agresor. E o agresor debe sentir o rexeitamento que a súa conduta merece por parte de todo o aparato social e político.

E xa é moito hora de que deixe de se considerar como un problema privado e produto da sociedade actual, porque estamos diante dun problema social, público e po-

Á hora de enfrontármonos a este problema é preciso acudir ás súas raíces: a esa estrutura social, patriarcal e androcéntrica que xera as desigualdades entre os sexos impostas desde todos os ámbitos de poder –político, social, económico e relixioso...–. Como di Carmen Blanco no seu libro: *Mulleres e Independencia* (1995): «A educación, implícita e explícita, leva as mulleres, de forma case irremediable, se non lle opón unha resistencia crítica, á dependencia física, psíquica e intelectual dos homes e, mesmo entre aquelas chamadas “liberadas”. E, como consecuencia, o sector feminino fica atrapado na estrutura do poder masculino e androcéntrico, que se estende entre moitos outros e en complexas redes, polos terreos da vida cotiá, e das relacións afectivas e laborais ou do mundo cultural e político. E non é doado saír dese duro e férreo entramado, porque ás veces presenta duras cadeas nas que a muller fica atrapada; outras faino coa sutileza da tea de araña invisible. E así, en maior ou menor medida, as mulleres son, máis que as súas propias voces, a voz do seu amo».

1. Tensión provocada por pequenos conflitos.
2. Agresión física ou psíquica por parte do agresor.
3. Perdón e compensación con promesas dunha nova vida, regalos... e a continuación período de calma.
4. Escalada e reanudación outra vez do ciclo.

As agresións máis graves ocorren cando a vítima decide acabar coa relación. A denuncia da violencia conleva un risco terrible. As ameazas de morte que elas están afeitas a oír poden facerse inminentes. Cando o agresor se convince de que ela non volverá, xérase nel unha carga de violencia que, moitas veces, chega a morte ou a lesións moi graves. O 98% das mulleres mortas, ou estaban separadas ou en trámite de separación.

Mais, á hora de abordar o problema da violencia de xénero este non pode centrarse exclusivamente nas mortes e nas lesións graves porque senón vai ser difícil que se entenda o problema de fondo deste tipo de violencia e produciría ademais: identificación de violencia de xénero só con morte ou le-

sións graves. Isto impediría deixar ver situacións de dependencia e de maltrato habitual das mulleres e correríase o perigo da identificación por parte de moitas persoas de que este tipo de actos son só a expresión da barbarie duns *tolos, alcohólicos, drogadictos, marxinais, celosos...* Por outra banda tamén contribúe a que as mulleres que sofren maltrato non se recoñezan nesas mulleres asasinadas.

Tampouco, segundo especifica Miguel Lorente, se pode falar de perfís de agresores nin de perfís de vítimas. Os casos que coñecemos de violencia de xénero supoñen só un 10% dos casos reais. Os perfís establecidos ata o de agora están baseados nesa cifra e non se pode extrapolar esa porcentaxe ao total da poboación, simplificando unha vez máis o tema.


Por iso a loita para erradicar a violencia ten que ir por moitas fronteiras á vez: educación, leis verdadeiras e eficaces, tratamento serio e solidario dos medios de comunicación, resposta de todo o aparato social... Por iso non podemos conformarnos coa orde de **protección**; esta é unha medida que a muller necesita nas situacións de risco e perigo cando se decidiu a dar os seus pasos cara á liberdade e á dignidade, mais é unha medida entre as outras moitas necesarias para erradicar este problema. Pensar que medidas coma esta son a *panacea* levan a non entender a fondura do problema e a deixar sen axuda ás vítimas que aínda non chegaron a ser conscientes do maltrato e que son as **verdadeiras vítimas**.

Foi o feminismo quen veu denunciando, dende a perspectiva dos dereitos humanos das mulleres, que a violencia de xénero anula a súa condición de persoas e limita a dignidade, liberdade e independencia das mulleres ata o extremo de chegar ao grao de dispoñer das

súas vidas. Foi a filosofía feminista e os grupos de mulleres feministas quen denunciaron arreo este problema, diante dos poderes públicos e da sociedade, como un problema social froito dunha ideoloxía patriarcal e esixindo unha capacidade de resposta e comprometida por parte destes. Foi tamén esta filosofía quen se encargou de aclarar que non se pode conceptuar o maltrato como un suceso esporádico dunha relación de parella.

Aclarar tamén que non chega co castigo penal para a erradicación da violencia de xénero, aínda que este sexa necesario. O agresor debe saber que as súas accións serán castigadas e se ben é certo que o temor ao castigo non detén, en xeral, o agresor creo que axuda a que a sociedade tome consciencia de que as agresións ás mulleres son, ademais de inxustificables, un delito grave. Di Miguel Lorente ao res-

pecto: «Se o home percíbese que cada vez que leva a cabo unha agresión sobre a muller ía ser denunciado e esta denuncia lle ía acarrear problemas, actuaría doutra maneira, simplemente por coherencia para evitar os inconvenientes de tipo legal, social e familiar». Pensemos que cando o agresor fai uso da violencia sabe que a probabilidade de ser denunciado é moi baixa e, no caso de ser denunciado, existen moitas posibilidades de que a propia muller retire a denuncia por presións e ameazas; de non ser retirada é posible que se arquite no xulgado por falta de probas ou porque a vítima non se presenta. Este mecanismo tan sinxelo resulta fundamental para a reprodución dos seus actos violentos. Un informe da Dirección General de Instituciones Penitenciarias do ano 2001 recolle que o 91,9% dos homes que están en prisión por



agredir a mulleres, estano, ou por asasinatos ou por lesións graves, nun 56,2% ou por agresións sexuais nun 35,7%. Tal parece esta a lectura: agredir a muller só é reprochable en casos moi graves.

Este autor fala tamén da necesidade de profundar nesta relación: o suicidio nas mulleres e o maltrato, xa que se está constatando que unha porcentaxe significativa das mulleres que se suicidan cada ano teñen antecedentes de agresións por parte das súas parellas.

Dicir tamén ao respecto que o tratamento xurídico das agresións a mulleres, tal como o propón Miguel Lorente, debe ser igual ca calquera outra agresión similar, e a partir de aí considerar as especiais circunstancias que a caracterizan, contando cunha axilización e coordinación para solucionar os problemas civís e penais e coa conseguinte regulación para que isto non quede en mans de vontades e sensibilidades particulares que o que fai é sumar ás mulleres un sufrimento extra e un peregrinar interminable polos xulgados. Di este autor ao respecto: «Se xa dispuxésemos dunha lei específica que regulase todos os aspectos derivados da agresión, se a denuncia e os trámites se realizasen de xeito adecuado e rápido, non estaría mal a creación, tal como se propuxo, dunha Fiscalía especial para este tipo de delitos de agresión á muller e de Xulgados específicos para este tipo de delitos».

O Goberno debería articular medidas urxentes e de carácter permanente, contando coas organizacións de mulleres e co sector social afectado porque, entenderíase unha reforma laboral sen contar cos sindicatos de traballo? Xa na Conferencia Mundial sobre a Muller (Pekín, 1995), propuxéronse unha serie de medidas para axudar a erradicar a violencia de xénero. Eu só me limitarei a sinalar aque-

las que me parecen máis significativas no discurso deste artigo:

- ▶ Introducir no sistema educativo materias relativas ao Principio de Igualdade, ás relacións de cooperación entre sexos e á aprendizaxe do rexeitamento cara ás actitudes e comportamentos que xeren violencia de xénero.

- ▶ Realización de campañas de sensibilización, dirixidas á sociedade e mantidas a través do tempo, para que axuden a romper os estereotipos sexistas, os mitos e os tópicos que dividen a sociedade por xéneros e potencian a violencia de xénero.

- ▶ Propulsar, dende os poderes públicos, a creación de espazos nos medios de comunicación, que permitan a denuncia pública e a condena de actitudes e comportamentos violentos masculinos cara ás mulleres, fillas e fillos. Engadiría ademais que os medios deberían situar o problema dos malos tratos como un problema de violencia de xénero que non se limita só ao asasinato e ás lesións graves para así axudar a chegar á raíz e á fondura do problema.

Como medidas de carácter máis urxente:

- ▶ Promover o estrañamento do agresor en todos aqueles casos onde estea presente un problema de violencia de xénero.

- ▶ O Goberno debe tamén de promover as medidas para a formación, en materia de xénero, do aparato xudicial, médico, psicolóxico, policial, avogacía, asistencia social... E, dadas as características específicas deste tipo de violencia, as vítimas deben ser atendidas, de forma individual e personalizada, por profesionais sensibilizados e especializados nestes temas. E salienta tamén a importancia de que estes servizos estean dotados por mulleres.

- ▶ Creación dunha fiscalía específica para as mulleres, nenas

e nenos vítimas da violencia de xénero.

- ▶ As mulleres, fillas e fillos vítimas da violencia deben recibir unha asistencia psicolóxica integral.

- ▶ Con respecto ás casas de acollida de mulleres comparto que deberían estar xestionadas por organizacións de mulleres e por todo un aparato médico-psicolóxico-social experto en temas deste tipo pero puntualizaría que só deberían existir como centros puntuais e urxentes xa que non deixan de ser *cárceles* para as mulleres, illándoas do seu medio social e familiar. Non debe de ser a vítima a que teña que estar *agachada* nunha casa de acollida senón que esta debe permanecer no seu medio e no seu fogar cos seus fillos e fillas. É o agresor quen debe ser separado e apartado do contorno social da vítima.

E engadiría que ás mulleres vítimas da violencia de xénero que non teñan independencia económica debe abrírselles unha vía para poderen acceder a un traballo digno que as axude no camiño cara á autoxestión económica, un paso previo para acadar esoutra independencia intelectual e afectiva tan desexada pola filosofía feminista para as mulleres.

Por último dicir que é moito hora de que todo o aparato social rache con ese silencio cómplice que lexítima a violencia dos homes contra as mulleres e que xa é hora de comprometerse dun xeito claro e activo para non axudarmos a contribuír a ocultar «o crime encuberto máis frecuente do mundo», tal como o definiu Nacións Unidas. Todas as persoas temos o deber de establecer as bases da racionalidade pacífica para axudar a acabar coa violencia explícita e implícita para así axudármolos a recoñecernos homes e mulleres diferentes pero en igual liberdade e disponibilidades para estarmos no mundo sen bloqueos nin agresións. ⁶

 ANA LUISA BOUZA SANTIAGO

Antes de expor as miñas consideracións a respecto do que supón o tratado desde o punto de vista das mulleres, desexo puntualizar dúas cuestións que considero fundamentais.

Recoñecendo que a inclusión da CARTA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS no tratado é un avance a respecto de tratados anteriores,

que a mesma só é vinculante para os Estados no que se refire á aplicación do dereito da Unión (*Artigo II-112*). Este feito supón unha importante limitación porque non obriga a adaptar a lexislación estatal –máximo se temos en conta que a produción de nova lexislación da UE no eido social esixe a unanimidade (*Artigos III-124 III-*

Por outro lado, hai que desmontar a falacia de que de non se aprobar se dá un paso atrás na «construción europea»: o que veu funcionando até agora non ten máis data de caducidade que a que a poboación europea lle queiramos dar. No caso de ser rexeitado o tratado, os acordos, as directivas (moitas máis progresistas que o propio

Os dereitos das mulleres no Tratado da Constitución Europea*

e que continuamente aparecen referencias a grandes conceptos como paz, liberdade, igualdade, solidariedade... considero que a súa virtualidade é case que nula, xa

125)– e ademais, porque a concreción destes grandes conceptos en garantías deixa moito que desexar, mesmo neste limitado ámbito de aplicación.

* Artigo tirado do libro *O Tratado da Constitución europea, Visións desde Galiza*, Baía Edicións.

tratado), os tratados anteriores... seguirían vixentes. Abriríase entón un novo período de formulación de alternativas e unha esperanza-dora vía na que, froito do resultado do referendo, se tiveran en conta as achegas desde outra visión da construción de Europa, cambios que, toda vez aprobado o tratado, esixirían a unanimidade dos 25 gobernos e parlamentos estatais, que o converte practicamente en imposible.

das persoas homosexuais ao matrimonio e a adoptar criaturas non están explicitados, polo tanto non se promoverán igualmente en todo o territorio da Unión...

Dereitos políticos das mulleres

O vocabulario usado para relacionar os diferentes dereitos e a súa localización en distintos títulos do tratado non é casual, asigna diferente importancia e nivel de garantías para o exercicio dos mesmos.

criminación de xénero debe ser combatida pero non é de feito prohibida.

O tratado preocúpase de identificar o tipo de democracia á que aspira en 3 artigos específicos e, unha vez máis con grandes palabras (*Artigo I-45*. «Principio da igualdade democrática», *Artigo I-46*. «Principio da democracia representativa», *Artigo I-47*. «Principio da democracia participativa»), pero non hai en todo o documento, e a pesar das moitas

Non só non se proclama a laicidade e a aconfesionalidade da Unión no tratado, senón que se lles recoñece ás igrexas un status político alén do dereito individual ás propias crenzas, consolidando o seu papel retrógrado no ensino e aceptando a súa actual (non só histórica) posición antisocial en temas como o divorcio, a orientación sexual, a anticoncepción, o dereito a dispor da propia vida e do propio corpo, a SIDA [...]

Laicidade / dereitos sexuais e reprodutivos

Non só non se proclama a laicidade e a aconfesionalidade da Unión no tratado, senón que se lles recoñece ás igrexas un status político alén do dereito individual ás propias crenzas, consolidando o seu papel retrógrado no ensino e aceptando a súa actual (non só histórica) posición antisocial en temas como o divorcio, a orientación sexual, a anticoncepción, o dereito a dispor da propia vida e do propio corpo, a SIDA; sorprende, en cambio, que non apareza referencia ningunha a dereitos xa garantidos na nosa lexislación –despois de moitos anos de loita reivindicativa das mulleres– como son o dereito ao divorcio, a acceder aos medios anticonceptivos e, dentro deles, a un aborto libre e seguro.

Pola contra, o dereito a constituír familia e casar si aparece no *Artigo II-69.o*, pero depende das lexislacións estatais, co que os dereitos

A igualdade entre mulleres e varóns e o dereito á non discriminación trátase na Carta de dereitos con claridade (*Artigo II-81.o1*. «**Prohíbese** toda discriminación, e en particular a exercida por razón de sexo»...); xa vimos que neste caso as limitacións son de aplicación (*Artigo III-123 e III-124*) e capacidade lexislativa da UE. Tamén se tratan, pero con moita menos contundencia, no Título I, onde se definen os obxectivos da UE, por tanto de máxima importancia (*Artigo I-3.o* «...A Unión **combatirá** a exclusión social e a discriminación e **fomentará** a xustiza e a protección sociais, a igualdade entre mulleres e homes»...), pero de xeito cualitativamente diferente a outros dereitos (*Artigo I-4.o 1*. «A Unión **garantirá** no seu interior a libre circulación de persoas, servizos, mercadorías e capitais»... 2. «...**prohíbese** toda discriminación por razón de nacionalidade»), de aí tiramos a conclusión de que a dis-

directivas emanadas da UE ao respecto, ningunha referencia á democracia paritaria, á representación paritaria de mulleres e varóns nos organismos da UE nin á necesidade de tomar medidas para a participación equilibrada de xénero na toma de decisións políticas tanto na propia UE como nos Estados membros, como unha esixencia para acadar unha democracia real.

A cidadanía é a porta dos dereitos e das garantías, mais nunha UE baseada nos Estados, a cidadanía está reducida só á outorgada polos mesmos. Perdemos así unha oportunidade de establecer novos mecanismos específicos de acceso á cidadanía europea no camiño de integrar á poboación inmigrante en aumento, na que as mulleres teñen cada vez un peso cuantitativo maior, e que quedan desta maneira, unha vez máis, excluídas das garantías e dereitos do tratado.

A violencia de xénero

Un dos asuntos sobre os que ten variado nos últimos anos a conciencia social e mesmo a lexislación é sobre a consideración da violencia contra as mulleres como un crime, un problema político e non particular, tanto desde o punto de vista das vítimas como do dos agresores. O PSOE acaba de promover e aprobar por *unanimidade* no Parlamento español unha lei estrela do seu programa electoral, INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, pois ben, alén das referencias xerais (*Artigos II-62, II-63, II-64, II-65 e II-66*), non hai no tratado ningunha prohibición explícita da violencia contra as mulleres, nin tan sequera unha referencia expresa ao tema. Tampouco hai, a pesar do recoñecemento da ONU da gravidade da violencia específica que sofren mulleres e criaturas nos conflitos bélicos, ningunha referencia desde o punto de vista do dereito de asilo (*Artigo II-78*) que, ao estar limitado á Convención de Xenebra de 1951, non inclúe o xénero como motivo de persecución nin tampouco o dereito de asilo para persoas perseguidas por particulares, o que o restrinxe para a muller que escapa do seu agresor doméstico.

Desde un punto de vista de progreso social, un novo marco lexislativo debe servir, por unha banda, para consolidar os dereitos acadados e, por outra, para avanzar cara ao recoñecemento de novos dereitos que están xa a ser reclamados pola sociedade

Dereitos sociais

As mulleres somos as receptoras maioritarias das políticas sociais, fundamentalmente porque gran parte do traballo que realizamos non está recoñecido como tal, non é retribuído economicamente e, por tanto, produce unha grande dependencia económica.

A Carta fala do dereito a traballar (*Artigo II-75.o* a liberdade de facelo) e confúndeo co dereito a ter un emprego digno (posto de traballo asalariado). Ademais doutras consideracións que se poderían facer ao respecto, desde o punto de vista das mulleres, a confusión de traballo con emprego permite ocultar unha vez máis todo ese tra-

ballo non remunerado, realizado maioritariamente por mulleres, imprescindible para a sociedade por referirse ao coidado e reprodución da vida humana; retrasándose así o seu recoñecemento económico como parte da riqueza dos países.

O dereito a unha vivenda digna non aparece na Carta máis que como a asistencia social para loitar contra a exclusión social e a pobreza (*Artigo II-94*).

O dereito á saúde non aparece como tal (*Artigo II-95*) e os servizos sociais déixanse en mans das lexislacións estatais.

O dereito a un ensino científico, laico e coeducativo vese restrinxido polo recoñecemento do



[...] hai que desmontar a falacia de que de non se aprobar se dá un paso atrás na «construción europea»: o que veu funcionando até agora non ten máis data de caducidade que a que a poboación europea lle queiramos dar

dereito a manifestar a relixión a través do ensino (*Artigo II-70*), así como do dereito dos «pais» de transmitir as súas conviccións relixiosas a través do ensino (en consecuencia do ensino público, *Artigo II-74*). Estas medidas sempre prexudican especialmente ás mulleres, polo papel subordinado que as relixións actuantes en Europa nos asignan.


As sociedades europeas integradas na UE producimos a suficiente riqueza para garantir unha

vida digna ás persoas que as conformamos alén da caridade. Mais non hai rastro deste recoñecemento: os servizos sociais básicos chámanse de «interese económico xeral» (*Artigo II-96*), non aparecen as referencias a público, gratuíto, universal. A protección social non pode depender das leis do mercado (*Artigo III-209*).

Desde un punto de vista de progreso social, un novo marco legislativo debe servir, por unha banda,

para consolidar os dereitos acadados e, por outra, para avanzar cara ao recoñecemento de novos dereitos que están xa a ser reclamados pola sociedade. Ten que ser, xa que logo, visíbel un avance, un cambio a mellor a respecto do presente. Non podemos aceptar pasos atrás con argumentos como os que se están a barallar:

- ▶ así está a lexislación actual;
- ▶ se non loitabamos por eles hai vinte anos, non os podemos reclamar agora;
- ▶ a conxuntura política na UE é desfavorábel.

As mulleres galegas, as europeas, non podemos renunciar a construír unha Europa na que teñamos garantida unha vida digna e o respecto real dos nosos dereitos. O Tratado da UE non cumpre estas expectativas. 

Servicio de Asesoramento das Mulleres

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ *Horario de atención ó público*

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concellería da Muller

nin putas



FADELA AMARA

nin sumisas*

O pasado 13 de decembro presentouse en Madrid o libro *Ni putas ni sumisas*.** O acto contou coa presenza da súa autora, impulsora do movemento do mesmo nome en Francia. Reproducimos o texto da súa intervención:

Voulles contar unha historia, que entre outras cousas é a miña vida, e que en realidade é unha aventura extraordinaria da que naceu o movemento que se chama «Nin putas nin sumisas». E que ademais ten existencia porque vontades femininas e masculinas quixeron loitar por iso. Os seus dous elementos máis interesantes son, primeiro, que é un movemento que nace desde abaixo, desde a base, e, segundo, que ten a pretensión de pórse arriba, nas altas esferas.

* Publicado en *Página Abierta*, 155-156 (xaneiro-febreiro de 2005).

Ver tamén, *Página Abierta*, núm. 149 (xuño de 2004): «Francia: les Femmes des Quartiers. Ni putas ni sumisas»; unha entrevista a Fadela Amara e o Manifesto das Mulleres dos barrios.

** *Ni putas ni sumisas*, de Fadela Amara, coa colaboración de Sylvia Zappi, tradución de Magali Martínez Solimán para Edicións Cátedra. Madrid, 2004, 184 páxinas, 12 euros. Foi publicado en Francia en Éditions La Découverte en 2003.

Todo comenzo no ano 2000. Empezamos a traballar coas mulleres porque eramos conscientes da degradación da condición das mulleres nos barrios. Na nosa análise destacamos tres parámetros que teñen unha incidencia importante na situación das barriadas obreiras, de modo especial, na situación das mulleres neses barrios.

a) Un dos primeiros parámetros é que a República, en Francia, é incapaz de integrar todos os seus fillos. Hai que saber que a discriminación no noso país é moi importante.

b) O segundo parámetro é que nos anos noventa había un paro masivo, e, precisamente, os primeiros que se viron afectados por este paro foron os habitantes destes barrios en situación problemática. A persoa cabeza de familia que está no paro ha de ver cómo chega o seu fillo máis vello e lle usurpa a autoridade debido a que este fillo é o que aporta economicamente á familia, grazas a todas as formas de trapichear ou traficar que poden darse nos barrios. E cando este fillo máis vello usurpa a au-


toridade do pai, o que fai é impór a lei do máis forte e a lei do silencio. Se multiplicamos esta situación por moitas familias, atopámonos cunha minoría que impón, rapidamente a lei do barrio a unha serie de familias en situación difícil.

c) Hai un terceiro parámetro –e eu creo que tamén aquí hai que prestar moita atención a este problema– que é a aparición dos islamistas. Rapidamente os xoves empezaron a entrar no ámbito de influencia dos radicalismos islámicos e escoitaron, por tanto, sermóns extremadamente duros sobre a condición da muller. E, en consecuencia, os rapaces empezaron a cambiar completamente de comportamento cara ás súas irmás, cara ás súas compañeiras ou ás súas mozas. Empezaron a poñerse en funcionamento moi rapidamente o que se chamaba os interditos, as prohibicións, todas as formas, todas as ferramentas de opresión: prohibido vestirse dunha forma determinada, camiñar por un espazo, asumir a feminidade nun barrio problemático; prohibido ter relacións sexuais; prohibido elixir un compañeiro... E non pensen que isto se limita exclusivamente ás fillas dos inmigrantes, tamén afecta a xoves francesas de pura cepa. Así que deben prestar atención ao que sucede en Francia para que

aquí, no Estado Español, poidan reaccionar ante as cousas semellantes que quizais tamén ocorran nalgúns barrios. Non é un discurso racista, evidentemente, é un discurso responsábel.

Decidimos organizarnos para reaccionar ante todo este tipo de prohibicións, e para que se deixase de confiscar ás mulleres as súas liberdades máis fundamentais. Nós decidimos reaccionar e dar unha enorme patada no formigueiro, para que saltase polo ar a lei do silencio. Así que levamos ao espazo público o debate sobre a condición feminina no barrio. Empezamos moi poucos –só seis–, pero estábamos cheos de vontade e sobre todo de determinación. Enseguida decidimos organizar accións que chamasen a atención da opinión pública, como unha iniciativa que chamamos «Marcha das mulleres dos barrios pola igualdade e contra o gueto». Necesitáronse seis meses para organizar esta iniciativa.

Ademais no noso país tiveron lugar dous dramas que impactaron moito a opinión pública. Primeiro foi o caso da rapaza que queimaron nun barrio obreiro porque se negou a aceptar os cortexos dun rapaz. E o caso de Samira Bellil –é a muller que aparece na portada do libro comigo– que escribiu un libro titulado *Dans l'enfer des tournantes* sobre as violacións colectivas, feito que ela sufriu persoalmente.



[...] o atranco máis grande que encontramos foi precisamente organizar estas persoas que viven nestes barrios problemáticos, porque, ademais de estar nunha situación de opresión, hai que entender que o que nós estábamos facendo era susceptible de ameazas de morte e de represalias [...]



Chamounos moito a atención que as feministas históricas, polo menos as máis coñecidas, as que se ven todos os días na televisión, nos acusaran de demonizar os barrios e moi en particular de demonizar os rapaces árabes

Durante cinco semanas atravesamos toda Francia con esta Marcha, e por iso estou falando dunha aventura humana extraordinaria, porque nas primeiras etapas eramos 10 ou 15, e o 8 de marzo de 2003 terminamos máis de 30.000 persoas marchando detrás do movemento «Nin putas nin sumisas». Quero confesarlles que o atranco máis grande que encontramos foi precisamente organizar estas persoas que viven nestes barrios problemáticos, porque, ademais de estar nunha situación de opresión,

hai que entender que o que nós estábamos facendo era susceptíbel de ameazas de morte e de represalias. Así que seis mozas e dous mozos máis viaxamos por toda Francia, e discutimos con moitas persoas que viñeron a vernos, e explicamos o que ocorría nos nosos barrios, especialmente no que se refire ás mulleres xoves.

Chamounos moito a atención que as feministas históricas, polo menos as máis coñecidas, as que se ven todos os días na televisión, nos acusaran de demonizar os barrios

e moi en particular de demonizar os rapaces árabes. Como resposta había que contraatacar. Eu expliquei que o feminismo, tal e como existe actualmente no noso país, é un feminismo de burguesas que abandonaran os barrios e, para ilustrar o que quería dicir, declarei á prensa –onde se montou despois un escándalo coas feministas– que o erro histórico do feminismo clásico estaba en terse concentrado nunha reivindicación política: o dereito á paridade. Aínda que a paridade sexa un tema moi importan-

te, para nós, que tiñamos un problema de supervivencia, o da paridade parecíase ás rebaixas de Her-mès, unha tenda de luxo.

E isto foi algo que chocou bastante. Algunhas comprenderon moi ben o que queríamos dicir e uníronse a nós, axúdannos no que estamos facendo agora. Pola contra, outras non queren nin oír falar do movemento «Nin putas nin sumisas». Nós temos unha posición moi clara sobre o problema do veo, e acusámoas de racismo, porque nas súas cabezas elas pensan –por unha connotación política que está detrás, por suposto, e que está alimentada por unha parte da extrema esquerda– que, en nome da loita contra o imperialismo estadounidense, fronte á derrota do bloque comunista, a alternativa actual de progreso social é o islamismo radical, o que é unha aberración en si.

No noso país temos homes e mulleres en postos políticos que están convencidos desa posición e que desenvolven manifestacións nese sentido, como por exemplo, a favor do veo. Non teñen ningún problema en reunirse con activistas islamistas. Acusamos todos os políticos de esquerda e de dereita, que en nome da paz social e por razóns que son electoralistas, negociaron con imáns que se designan a si como tales. Por exemplo, can-

do había un problema nun barrio non trataban de reunirse cos educadores dese barrio nin coas asociacións civís dese barrio, senón que ían buscar o imán. Desafortunadamente os nosos políticos sacaron a relixión do seu espazo e introducírona no espazo político.

Unha das consecuencias máis graves desta situación é o grande debate que houbo en Francia sobre os problemas da laicidade. Os ismistas radicais pensaron –porque llelo alimentaran os políticos– que poderían impór esta ferramenta de presión que é o veo. Mais detrás desta ferramenta de sumisión, o que hai é un proxecto político: a separación dos sexos e unha ditadura islamista.

Tivemos moito debate con militantes islamistas radicais. Explicáronnos moi amabelmente que estábamos perdendo o tempo, que os políticos nos ían traizoar, que acabar coa laicidade era cuestión de tempo e que eles tiñan moito. Todo isto é un pouco kafkiano, é difícil de entender, pero todos os debates nos que participei e aos que asistín por toda Europa lévanme a dicir que en toda Europa as mesmas causas van provocar os mesmos efectos.

E rematarei dicíndolles algo que me parece extremadamente importante. Négame categoricamente a que as persoas de extrema

esquerda ou de esquerda, ou que supostamente se chaman as forzas progresistas, abandonen o progreso das consciencias. Todas as conquistas das feministas, incluídas as conquistas da clase obreira, débéronse ao combate, á loita e á iniciativa das forzas progresistas. Para min, que son unha muller de esquerdas, é unha gran decepción, pero temos a sorte de ter con nós a opinión pública e tamén e a pesar de todo o que acabo de dicir, políticos, homes e mulleres que queren defender unha república laica, que queren salvagardar o concepto de convivencia e queren evitar que entremos nun proceso comunitarista, como ocorre en Inglaterra, por exemplo.

FADELA AMARA naceu en Clermont-Ferrand (Francia) no seo dunha familia inmigrante magrebí. De longa implicación e traxectoria na acción social, participou nunha asociación de mulleres polo cambio intercomunitario na súa cidade natal, implicouse no traballo en SOS Racisme, até chegar a ser presidenta da Federación de Maisons de Potes («casas dos colegas»). Desde aí impulsou o movemento de Mulleres dos Barrios, que dá pé ao de «Nin putas nin sumisas», eslogan dun manifesto que catapultou este movemento. 



Dorian
PELUQUEROS

C. Betanzos, nº. 15
Santiago de Compostela
Tel.: 981 563 677

Pye é sueca, traballadora sexual dende hai dezaioito anos. Ela prefire a expresión *traballadora sexual* á de prostituta, porque implica por unha banda que esta actividade é un traballo, pero fundamentalmente porque foi unha expresión empregada pola norteamericana Carol Lee para eliminar a diferente consideración social das bailarinas de *strip-tease* e das prostitutas da rúa, foi acuñada polo tanto cun sentido de solidariedade coas máis débiles. Neste eido fixo case de todo: traballou en burdeis, en películas, fixo *strip-tease*, posou para fotos... e confésase pésima para as liñas eróticas. Pye é unha activista en favor dos dereitos da xente que fai traballo sexual, coordinadora de ROSEA (organización nacional de dereitos das/os traballadoras/es sexuais e eróticas/os de Suecia), membro da rede contra a criminalización de clientes de Noruega, membro do directorio de ICSR (comité internacional de dereitos para as traballadoras sexuais) e unha das organizadoras dunha recente rede de traballadoras/es sexuais escandinavas/os. É tamén escritora independente, ten colaborado en prensa periódica e frecuentemente publica na terceira maior revista en tirada de Suecia; é profesora de piano polo conservatorio de Lisboa (viviou en Portugal varios anos) e exerceu coma profesora infantil; así mesmo é consultora e produtora de documentais e fala varios idiomas. Estivo coma relatora nas xornadas «Mulleres in migrantes e prostitución en Galicia», organizadas por *Andaina*, que tiveron lugar os días 3

e 6 de novembro de 2004 en Santiago de Compostela, para falarnos da lei sueca, que pretende acabar co traballo sexual, nunha liña de enfoque chamada *a política do ahhhg* (expresión de noxo), sen conseqüilo.

Pye é unha *muller alegre*, verdadeiramente divertida; unha muller *da rúa*, con sensibilidade e intelixencia para percibir a realidade desde moitos ángulos; unha muller *da vida*, polo seu carácter forte e positivo; honesta, sincera e tenra, para nosoutas foi todo un pracer falar e compartir o noso tempo cunha das persoas máis libres que temos coñecido.



Pye Jacobson

A. Consideraste unha muller feminista?

PJ. Sen dúbida.

A. Cal é na túa opinión a relación entre prostitución e feminismo?

PJ. Depende do país. En Suecia son contrarios, aínda que non é de todo así, algunhas veces, nalgún debate, teño atopado algunha relatora feminista e pasado un primeiro momento acababamos entendendo que estabamos a falar moi perto unha da outra, mais en xeral non se pode sequera discutir o asunto, porque a feminista sueca máis característica xa ten as ideas feitas e non está interesada en discutir o asunto da prostitución, porque o que eu teño que comunicar, a maneira que eu teño de ver a miña vida non é a realidade, é unha *conciencia falsa*: eu non consigo, desde o seu punto de vista, ver claramente a miña realidade.

O feito de que as mulleres non sexamos tan consumidoras de servizos sexuais coma os homes é só un síntoma da desigualdade, iso é o que eu penso. Non quero con isto dicir que se fosemos socialmente iguais as mulleres aos homes non habería prostitución, claro que habería, mais dunha maneira completamente diferente

A. Cres ti que isto acontece coas feministas suecas só en canto á prostitución ou tamén noutros temas referentes á vida das mulleres?

PJ. Os outros asuntos poden ter gradacións nas visións, non todo branco ou negro, mais en canto á prostitución, Suecia é o extremo, porque ten que ver con sexo e cartos. En Noruega, hai feministas tipo sueco, mais tamén hai mulleres coma unha moi amiga miña, que é parlamentaria de esquerda, que está en contra da prostitución, mais ela non quere criminalizar, foi ela quen nos convidou a falar disto no Parlamento noruegués. Eu non teño problemas cando unha persoa ten unha opinión diferente da miña, eu só teño problemas cando non conseguimos comunicarnos. Opinións

diferentes fan a democracia, mais querer dicir só a súa opinión sen querer escoitar a miña paréceme tremendo, sobre todo no caso das persoas que se dedican á política e non queren escoitar nin cinco minutos o que outras persoas teñen que dicir. Eles mesmo escribiron, antes de aprobar a lei contra a prostitución, que ía ser difícil de aprobar porque supuña un reto para o estado de dereito, que non ía funcionar cos tribunais, por exemplo. Polo tanto é unha lei que queda sen valor ante a súa dificultade de aplicación e iso repercute nas demais leis, ás que lles resta credibilidade. É un problema moi complexo. Eu son unha persoa que tenta ser obxectiva e sinceramente intentei atoparlle unha soa cousa boa a esta lei e non o conseguín.

A. Como te converteches nunha activista política sobre este tema?

PJ. Cando voltei de Portugal, onde xa fixera diferentes tipos de traballo sexual, a Suecia, non sabía como facer para traballar, porque estaba moito máis difícil a cousa, nunca traballara na rúa, así que fixen *strip-tease* por un tempo. Mais mesmo só traballando en *strip-tease* quedei moi sorprendida dos preconceitos das persoas, entón comecei a ir a algún programa de televisión, facer algunha colaboración nalgún xornal, pequenas cousas, que non axudaron moito. Polo ano 1997 ou 1998 comecei a coñecer outras persoas que tiñan as mesmas ideas ca min e formamos un grupo de activistas do que saíu a organización que nós temos [ROSEA]. É unha organización rexistrada, polo tanto non temos nada que facer en Suecia, a situación está tan mal que non podemos medrar nin cambiar nada. Traballamos cos outros países do noso entorno, para que a clase política poida facer unha distinción respecto do modelo sueco e ao mesmo tempo presionar desde fóra a clase política sueca. Somos poucas persoas, 10 en total, 5 traballan en organización e as outras 5 somos activistas; temos pouco tempo e hai que aproveitalo moi ben, así que o máis urxente é previr os outros países para que non adopten o modelo sueco. Un dos meus compañeiros, que é traballador sexual e avogado no tribunal de Estocolmo, toma conta de Escandinavia e eu do resto de Europa. A recente conferencia de Noruega arranxouna el xunto cunha norueguesa, el tamén preparou a gran conferencia que se vai celebrar a semana próxima. Se vos portades ben, vouvos convidar.

A. Que ben! Temos que aprender noruegués?

PJ. Non, é en Bruselas. Estamos inscritas 180 persoas, 120 polo menos somos traballadoras sexuais e 60 persoas máis afíns ideoloxicamente, xa temos o 70% do diñeiro, estamos a falar de tres días e 3 millóns de euros. O comité organizador está formado por 18 persoas (hai moi poucas do estado español, creo que só unha), das cales só 5 non son traballadoras sexuais. Isto xa é algo diferente, porque nos outros dous congresos anteriores sobre prostitución o comité organizador estaba composto en máis da súa metade por mulleres feministas (só feministas, non prostitutas e feministas ao mesmo tempo), que tamén é bonito, mais non ten o mesmo peso, no sentido en que as persoas traballadoras sexuais precisamos tomar conciencia da situación e mobilizarnos. Por outra banda,

cado de Amnistía Internacional e cremos que podemos conseguir o seu apoio antes do congreso. Non é bo? [emocionada]

A. Moi bo.

A. Onde traballas?

PJ. En Suecia a través de anuncios por Internet e fago *strip-tease* a maior parte do tempo, porque só traballo alá 10 días ao mes o resto do tempo estou en Holanda. É un pouco complicado, porque xusto poño o anuncio, deixo o teléfono, estou tres



os anteriores congresos foron internacionais, este é só europeo. En Europa temos unha situación diferente aos Estados Unidos, porque alá a maioría da poboación está formada por estranxeiros, así que non é igual a situación do tráfico de persoas, en Europa temos este problema máis acusado ca noutras partes do mundo.

O tema central da conferencia non é dereitos para as prostitutas, é dereitos humanos. Agora temos unha gran alegría porque recibimos un comuni-

días e despois xa marchou para Holanda. Entón como viaxo tanto, xa teño os meus clientes habituais e traballo coma dicía nun club de *strip-tease*, que vén sendo o cinema pornográfico que nos temos alá. Eu sinto orgullo deste club, hai dúas rapazas que traballan por cada sesión, é un colectivo de mulleres, todas traballan por conta propia e eu son unha especie de coordinadora (para organizar quen traballa cando), todas traballan con todas e dividen o diñeiro.

A. Que bo!

PJ. É fantástico, non é? Eu só coñezo un burdel en Nevada (EE. UU.) onde tamén fan o traballo cooperativo, dividen o diñeiro, nunca hai problemas, regueifas, nada, nada, se ao final da sesión unha fai un e outra dez, elas poñen todo para a caixa común.

A. Temos dúas preguntas de tipo persoal, non son morbosas, mais se ti non queres, non contestes, de acordo?

PJ. Eu non teño ningún problema, adiante, preguntade.

A. Fuches algunha vez demandante de servizos sexuais coma cliente?

PJ. Non, mais non tería ningún problema, se eu precisase nalgún momento só sexo e coñecese alguén que me gustase e que vendese ese servizo, por suposto, é moito menos complicado. Para min é un servizo coma calquera outro. Temos un grande problema co sexo na sociedade, non é?

A. Desde logo!

PJ. Para min é coma calquera outro servizo físico, coma unha masaxe, coma ir á perruquería. O feito de que as mulleres non sexamos tan consumidoras de servizos sexuais coma os homes é só un síntoma da desigualdade, iso é o que eu penso. Non quero con isto dicir que se fosemos socialmente iguais as mulleres aos homes non habería prostitución, claro que habería, mais dunha maneira completamente diferente.

A. Como cres ti que sería?

PJ. *Sei lá!* Iso é o mundo dos sonhos... como é que fas esa pregunta? [risas]

A. Como soñas ti que sería?

PJ. Un amigo do meu pai que é actor, alá polos anos setenta en Suecia dándolle voltas ao tema da prostitución dixo que pensaba abrir unha casa onde a xente puidese entrar pagando 5 euros para collerse da man e mirarse, só polo contacto físico.



Laura Gómez e Pye Jakobson

A. Saca de aí, iso é moi aburrido!

PJ. Mais hai tantas persoas soas no mundo, que ata é unha idea boa.

A. Nos países nórdicos sodes distintos nisto, aquí contacto físico, en xeral, xa temos.

PJ. Mais estades entendendo? A prostitución tal e como está organizada agora non é máis que un espello da sociedade, está tamén organizada polos homes. Hai abusos, hai prostitución forzada, non quero esquecer que hai moitas situacións que non son boas. Por iso viaxo tanto, falo tanto. Todos os aspectos malos que ten a prostitución son resultado desta sociedade, son o síntoma non a doenza, curada a doenza desaparecen os síntomas.

A. Tes clientes mulleres?

PJ. Non, tampouco fago negocio con parellas (de home e muller) ou matrimonios, porque isto é un acordo coa miña moza, tamén coa miña ex-moza era así. É por unha cuestión de respecto cara á per-



A prostitución tal e como está organizada agora non é máis que un espello da sociedade, está tamén organizada polos homes. Hai abusos, hai prostitución forzada, non quero esquecer que hai moitas situacións que non son boas

entender. Se eu tivese un mozo, creo que sería máis difícil, queda todo máis perto da casa. Por exemplo en Finlandia, onde hai moitas rusas a traballar, todas as que teñen un mínimo de bisexualidade durante o tempo en que estiveron vendendo servizos sexuais estiveron con mulleres, cando acabaron con esta actividade volveron con homes.

A. Curiosísimo, como son as nosas configuracións mentais!

PJ. Claro que isto é moi distinto cando se entra na prostitución por necesidade, por un tempo limitado. Non é o mesmo, porque por un tempo de dous ou tres anos, se aturan eses problemas cos seus compañeiros, estupendo, agora ben, se se está neste traballo cinco ou dez anos, hai que aprender a resolver as cousas doutra maneira. Se durante tempo unha muller prostituta está cun home, el acaba por tratala mal, non sendo que se impoña e sexa unha muller moi forte. En xeral, os homes bos, os homes simpáticos non aceptan que a muller deles vaia para a cama cos outros, o resto son idiotas. Por iso, ante a dúbida de estar cun idiota ou cunha muller, moitas prostitutas prefiren estar con mulleres, mesmo se isto non é ben do gusto delas, polo menos é alguén que en xeral vainas tratar ben, darlles amor. Tamén por iso probabelmente a porcentaxe de homosexualidade é moito máis alta entre as mulleres prostitutas que entre outros colectivos.

A. Esta pregunta está precisamente relacionada con isto que falamos, como vive a túa familia que ti teñas este traballo?

PJ. A única familia que eu considero que teño son a miña moza e o meu pai, o resto non quere falar comigo, senten vergoña, e teño que dicir que en Suecia, ata para a miña nai, eu só fago *strip-tease*, ela ten unha cabeza moi aberta, mais só o feito de saber que eu traballo con *strip-tease* xa chega para que teña vergoña de min. A vida é tan curta... eu non podoo ter ao meu carón xente que non me respecta. Tamén os meus amigos son a miña familia.

soa que vive comigo, hai certas cousas que eu só fago con ela. Non preciso ter mulleres coma clientes. Tiven a sorte de non establecer relacións sentimentais con homes nos últimos vinte anos, porque debe de ser moito máis complicado. Eu creo que as colegas que teñen menos problemas na súa vida particular son as colegas homosexuais, porque a diferenza é tan clara, sexo na casa e sexo no traballo son dúas cousas tan diferentes..., isto é máis obvio para a persoa que vive con unha.

A. Carla Corso comentaba tamén algo disto, ela ten relacións con homes, é hetero, dicía que é moi diferente o traballo sexual do sexo nas súas relacións.

PJ. Para nós claro que é moi diferente, o traballo para min non é sexo, é outra cousa. A miña moza é asistente social, ela traballa con prostitutas e xa sabe isto teoricamente, só que ela nunca fixo traballo sexual, así que aínda que entende que son dúas cousas diferentes, para ela así é máis fácil de

Meu pai é o home máis marabilloso do mundo, el vive na miña casa. Nós temos as reunións da organización na miña casa e el fai o xantar para toda a xente.

Ah, tamén está a familia da miña moza, que vive en Holanda e iso xa supón outra mentalidade. Ela ten unha irmá que tamén é homosexual, estivo casada cun home, aínda seguen casados, mais agora teñen cadansúa moza e os catro pasan as vacacións xuntos; para os pais, eu son *normal* [risas].

Temos un grande problema co sexo na sociedade, non é? [...] Para min é coma calquera outro servizo físico, coma unha masaxe, coma ir á perruquería

A. Cando se fala de prostitución neste país todo o mundo fai alusión ás mafias, aos chulos, aos proxenetas, que pensas deste asunto?

PJ. Mafias... é esaxerado, eu compároo cos restaurantes e bares, tamén hai mafias, tamén hai droga, persoas que traballan sen papeis, persoas que traballan con eles, persoas que traballan dúas semanas e despois van á rúa, outras levan quince anos, hai persoas que beben e hai persoas que traballan para estudar. Son lugares que aceptan persoas moi diferentes e tamén son máis abertos coa homosexualidade... Teñen moitas cousas en común. Temos un gran problema para falar sobre sexo en xeral, mesmo en Suecia, dicimos que non, mais é así. Despois está o papel dos medios, para vender unha noticia ten que saír o máis terríbel. Hai

mafia, mais tamén en todos os negocios, no do ouro, no dos diamantes... A miña experiencia é que non hai máis na industria sexual. E para loitar contra as mafias o mellor non é agachar todo, senón botar luz.

A. Cres que as mulleres que fan traballo sexual son máis pasivas, que deciden menos, que teñen menos liberdade, que aguantan calquera cousa?

PJ. Non, non, non. Hai un grupo que está na prostitución de maneira máis ou menos forzada e ese é un grupo fraco, fóra deste grupo, as mulleres que están de maneira voluntaria eu creo que son máis fortes cá meirande parte das mulleres. Porque fan un traballo onde elas poñen as regras, isto podes facer e isto non podes facer, e isto tamén afecta ao resto das súas vidas. Poño un exemplo, do mundo do *strip-tease*, a miña ex-moza sufriu abuso sexual cando tiña 12 ou 13 anos por parte dun profesor na escola e durante dous anos e medio, foi un caso que se levou aos tribunais e todo. Ela foi un deses casos en que foi deixando facer a todo o mundo para se sentir bonita. Aos 21 anos comezou co *strip-tease* e entón comezou a establecer as regras, polo seu traballo: non podes facer iso, non podes facer aquilo, se queres tocar aquí dáme tanto máis ou ben non podes de ningunha maneira. Agora todo mudou para ela, foi a maneira de decidir sobre o seu corpo. Ela sempre di que traballar no *strip-tease* é a mellor cousa que fixo na súa vida. Xa sei que se di que a meirande parte das mulleres que sufriron abusos cando eran nenas entran no traballo sexual, tal vez, mais cando menos a metade do tempo é case unha terapia ao poder poñer elas as regras, eu xa oín isto de varias mulleres, así elas deixan de ser vítimas. [6]

NADA NOS INTERESA
MÁIS QUE O GALEGO.
NINGUÉN NOS INTERESA
MÁIS CA TI

ASÓCIA-TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Campo do Caselleiro do Gale, T - 1º - 15705 Santiago de Compostela - TEL 981 06 3003 / www.asociate.org

Nome _____
Apellidos: _____
Enderezo _____
C.P.: _____ Localidade: _____
Tel _____
Cuota anual: | 30,05 euros.
12,02 euros Estudiantes e parados.

Caixa/Banco: Sucursal: CC:
Oficina libreta de ahorro:
Nome e entidade: _____
Enderezo: _____



Mulleres afgás o canto ou o suicidio

 RAQUEL BARREIRO

Pido el silencio

Canta, lastimada mía (Cervantes)
aunque es tarde, es noche, y tú no puedes.
Canta como si no pasara nada.
Nada pasa.

Alejandra PIZARNIK: *Los trabajos y las noches.*

A ascensión dos talibáns ao poder en 1996 suscitou inmediatamente a atención internacional. Todos os medios de comunicación inmisciónse neste feito e Kabul encheuse de xornalistas de todo o mundo. Os medios audiovisuais encontráronse cun gran filón de imaxes poderosamente plásticas poboado de talibáns tocados con grandes turbantes, unha desolada paisaxe poeirenta, cidades en ruínas, campos de mapoulas e mulleres cubertas da cabeza aos pés por veos dunha viva cor azul turquesa.

Ao longo de catro anos, Occidente familiarizouse con estas imaxes e con palabras como *burka* e *Loya Jirga* soubo de lugares como Kandahar, Bamiyán, Mazar-e-Sharif, o túnel de Salang, o Paso de Khyber, enteírouse da existencia das etnias pastún, tayikos e hazaras. Todo iso foi configurando un imaxinario de resonancias míticas.

A historia contaba con moitas compoñentes que a facían fácil de dixerir, é dicir, de consumir polo gran público. Conferíanlle un enorme atractivo sobre todo tres elementos: o exotismo, os personaxes e unha causa xusta. Exotismo porque tiña lugar nun país descoñecido, lonxano e apaixonante, punto estratéxico na ruta da seda e na ruta do opio, cruce de culturas, mosaico de pobos e linguas. Os personaxes poderían protagonizar unha produción cinematográfica: os talibáns era a maldade personificada, perfectamente caracterizados pola súa vestimenta e as súas longas barbas; fronte a eles, as forzas do guerreiro tayiko Ahmed Massud, o *León do Panshir*. A causa xusta era irresistible para Occidente: un pobo oprimido que debía auxiliar o mundo civilizado para liberalo da barbarie. Como símbolo, a impresionante fotografía de Steve McCurry que deu a volta ao mundo: unha muller cuberta por un *burka* que leva sobre a cabeza unha gaiola cun paxaro.

As mulleres, unha vez máis, vítima e excusa. Obxecto dunha represión brutal e sen precedentes, foron convertidas nunha das máis poderosas razóns para a invasión do país por parte dunha forza multinacional.

Pero apareceron argumentos informativos novos e máis poderosos: os ataques do 11 de setembro e Osama bin Laden. Isto desprazou do centro da indignación occidental o pobo afgán, que foi desaparecendo paralelamente das pantallas de televisión e das conciencia.

En outubro de 2004 as eleccións presidenciais afgás voltaron a traer ao país fugazmente de novo á actualidade. Publicáronse entón reportaxes apresuradas que pasaban revista á actualidade afgá e daban a entender que a normalidade, mesmo a situación das mulleres, era xa un feito no país,¹ demostración inequívoca do que era a candidatura dunha muller, Massuda Jalal, á presidencia do goberno. Non é máis que un espellismo. A conclusións ben distintas chegan organizacións como Amnistía Internacional e Human Rights Watch, cuns informes que son arrepiantes.²

Os problemas das mulleres afgás non comezaron cos talibáns e non remataron coa fuxida destes. O pobo afgán continúa vivindo unha das situacións máis difíciles do mundo, as mulleres afgás padecen aínda hoxe unha falta de liberdade escandalosa, mentres se lles negan dereitos humanos básicos. O *burka* non é a base do problema, senón só un síntoma. Millóns de mulleres no Afganistán de 2005 arriscan as súas vidas se exercen o seu dereito ao voto, se viaxan soas, se se namoran, se manteñen relacións sexuais fóra do matrimonio, se se opoñen á vontade das súas familias, se expresan publicamente determinadas opinións. O resultado de décadas de represión extrema son millóns de mulleres carentes da máis mínima autonomía porque sempre se lles vetou todo dereito a decidir sobre as súas propias vidas. Un exemplo significativo: unha das tarefas desempeñadas por organizacións hu-

manitarias é ensinalas a manexar os cartos. Non saben: nunca puideron facelo.

Aínda que a nova Constitución reconece a igualdade de homes e mulleres e a *Loya Jirga* prevé un cupo de participación feminina, a falta de accións reais encamiñadas a lograr a igualdade fai sospeitar que se trata pouco máis que de medidas de cara á galería para contentar a Occidente.

As palabras de Massuda Jalal, candidata en 2004 á presidencia do goberno, causan estupor por simplificadoras: «O meu acceso ao poder significaría que as mulleres de Afganistán terían acadado o liderato e terían a oportunidade de participar na vida política e social».³ Oxalá fose tan fácil.

Como poden acceder as mulleres á vida política se non existe unha cultura da democracia, se a inmensa maioría non sabe ler e non ten acceso a ningunha clase de información? Como incorporar a muller ao mercado laboral se a inmensa maioría carece da máis mínima capacitación, se non pode traballar sen o consentimento do seu home, se

¹ «As mulleres voltaron ás rúas. Elas foron as primeiras en celebrar a fuxida dos talibáns. As mozas puideron regresar ás escolas, onde xa representan o 40% do alumnado. Aos poucos, algunhas mulleres foron reconquistando os seus postos de traballo», en Guillermo GAYÀ: «Afganistán, soños de liberdade», *Magazine*, 3 de outubro de 2004, p. 72.

² Amnesty International, Afghanistan: «No one listens to us and no one treats us as human beings». Justice denied to women, outubro de 2003. ASA 11/023/2003.

Amnesty International: Women failed by progress in Afghanistan, 28 de outubro de 2004. ASA 11/015/2004.

Human Rights Watch: Between Hope and Fear. Intimidation and Attacks against Women in Public Life in Afghanistan, outubro de 2004.

³ Ángeles ESPINOSA: «La voz de la mujer afgana», *El País Semanal*, 7 de novembro de 2004, p. 50.



É apaixonante constatar como as mulleres rexeitan as normas e o código de valores establecidos pola relixión, tradición e cultura. Plenamente conscientes da súa condición de mulleres e de oprimidas, manifestan a súa rebeldía cara á sociedade na que viven, ignorando o tabú que rexe sobre o sexo, cantan ao pracer erótico e ao amante

debe ocuparse dunhas tarefas domésticas agotadoras? Como falar de liderato e participación na vida social cando as escolas de nenas continúan sendo obxecto de ataques, cando se seguen concertando matrimonios para nenas que non chegaron á puberdade? Se as agresións sexuais non son denunciadas polo estigma que supón para a muller que as padece, se o sistema xudicial non protexe as mulleres, se a policía é corrupta, incapaz e perigosa para as mulleres, se se practican probas de virxindade de forma indiscriminada, se continúan viventes ademais das leis islámicas códigos

tribais que consideran a muller como mero obxecto de intercambio e non conciben a súa existencia fóra da esfera doméstica; nestas condicións, pretender cambiar o estatus da muller significa cuestionar as bases en que se asenta toda a sociedade.

Cabe preguntarse onde está a indignación que hai catro anos sacudiu o primeiro mundo, por que se deixou caer no esquecemento unha situación que foi un dos argumentos –e non o menor– para unha intervención militar, por que non se destina a proxectos para a promoción das mulleres máis que

unha ínfima parte da axuda económica, cal é a misión real do continxente militar, por que os seus efectivos son só unha fracción dos enviados a Bosnia cando o país está cheo de exércitos privados fortemente armados, por que apenas se enviaron observadores internacionais para as eleccións.

É intolerábel que Occidente mire cara outro lado cando o pobo afgán padece unha situación que en boa medida é froito dos pratos rotos do poscolonialismo, dos enfrontamentos entre superpotencias, da guerra fría e dos intereses das grandes compañías petroleiras.

TORTAJADA, Ana: *El grito silenciado*,
Barcelona, De Bolsillo, 2003.

SEIERSTAD, Åsne: *El librero de Kabul*,
Madrid, Maeva, 2003.

BAHODÍN MAJRUH, Sayd: *El suicidio y el canto. Poesía popular de las mujeres pastún de Afganistán*,
Madrid, Ed. del Oriente y del Mediterráneo, 2002.

Os dous primeiros libros, *best sellers* en varios países, foron escritos por mulleres que viaxaron a Afganistán antes e despois (2000 e 2002) da caída do réxime talibán e narran neles a súa experiencia. O terceiro, *El suicidio y el canto*, é unha estremecedora e reveladora selección de poesía oral das mulleres pastún.



doutras dúas mulleres, viaxa durante tres semanas do 2000 a Peshawar (Pakistán), onde campos de refuxiados albergan decenas de miles de afgáns.

El grito silenciado é o diario desta viaxe. Aínda que aporta algúns datos obxectivos, a maior parte do

e sen apenas recursos, do inhumano traballo de adultos e nenos nas fábricas de ladrillos, mais tamén dos esforzos dos refuxiados por se organizar e dignificar as súas condicións de vida.

Vencendo algunhas dificultades logran facer unha incursión de tres

O resultado de décadas de represión extrema son millóns de mulleres carentes da máis mínima autonomía porque sempre se lles vetou todo dereito a decidir sobre as súas propias vidas

El grito silenciado

Editado por primeira vez en 2001, é o resultado dunha viaxe da súa autora, Ana Tortajada, tradutora e escritora española, a Pakistán e Afganistán. O impacto que lle produce a asistencia en Barcelona a unha conferencia dunha muller afgá activista de HAWCA (Humanitarian Assistance for the Women and Children of Afghanistan), asociación creada por refuxiados afgáns en Pakistán, e a pasividade do mundo ante a dramática situación das mulleres afgás, empúrrana a involucrase persoalmente na difusión e toma de conciencia pública do problema. Para iso, en compañía

texto trata das impresións persoais da súa autora, que consigna día a día o que a sorprende, alegra, asusta ou indigna. Chama a atención que a súa bagaxe sexa tan escasa para o fin que persegue, e, aínda que di terse documentado extensamente, descoñece por completo as linguas locais, o seu inglés é rudimentario e en máis dunha ocasión manifesta con inxenuidade a súa ignorancia dos costumes afgáns e pakistanís.

Guiadas por membros de HAWCA, as tres viaxeiras son testemuñas das dificultades coas que se enfrontan a cotío afgáns expatriados


días en Kabul, onde os seus movementos son sometidos a severas restricións por parte do réxime talibán, que as obriga a desprazarse sempre en coche e seguindo un itinerario determinado, acompañadas por un intérprete e un chofer oficiais, frustrando así parte dos seus obxectivos.

Tamén no Afganistán dominado polos talibáns existe o activismo: mulleres que nas súas propias casas dan clase a nenas ás agachadas; mulleres ás que o réxime talibán prohibe exercer a súa profesión de médicas pero que visitan clandestinamente outras mulleres en-

fermas ou imparten nocións de hixiene; mulleres e homes que non se resignan e que a pesar da escasez de medios e dos riscos, levan a cabo actividades tan subversivas como a organización dunha rede clandestina de bibliotecas ambulantes.

Tanto en Afganistán coma en Pakistán, a *pardah*, a separación entre sexos, está tan fortemente arraigada na cultura que é a norma mesmo en contextos de nivel cultural alto e opostos ao fundamentalismo. Homes e mulleres apenas teñen relación entre si, mesmo en medios de transporte ou lugares públicos (un autobús, unha xeladería), as mulleres –tamén a autora e as súas acompañantes, occidentais e non musulmás– deben estar ocultas da vista dos homes tras unha cortina. Manifesta a extraña sensación que lle produce non ter apenas contacto con ningún home durante toda a viaxe, pero tamén os fortes vencellos que experimenta cara as mulleres coas que convive estreitamente.

A estadia de Ana Tortajada límitase a unhas circunstancias moi concretas, a unha soa rexión xeográfica e case exclusivamente á etnia pastún. Ademais vese condicionada pola necesidade de guía e intérprete e porque todos os desprazamentos están programados de antemán. Isto non resta interese ao libro, que non oculta ser froito da experiencia persoal e subxectiva da autora e cun valor que é o da inmediatez. Por ter vivido os feitos en primeira persoa, a autora pode facer aportacións que contribúen a construír un relato moi evocador. Así, inclúe detalles sobre a vida cotiá da familia da casa na que se aloxan, ou pequenos comentarios sen maior trascendencia, como a súa ilusión cumprida de ver elaborar pan, detalles ás veces nimios pero que axudan a persoa lectora a sentirse moi próxima á súa experiencia.



El librero de Kabul

Åsne Seierstad, xornalista norueguesa, foi corresponsal de guerra en Afganistán. No 2002, trala caída do réxime talibán, conviviu durante tres meses en Kabul coa familia do libreiro e editor Sultan Khan co propósito de escribir este libro.

Como a propia autora advirte no prólogo, a familia Khan non pode considerarse unha familia afgá representativa: residen na capital, gozan dunha posición económica privilexiada e varios dos seus membros falan inglés. Por tanto, o libro non pode –nin o pretende– ser un retrato da sociedade afgá, como anuncia a sobrecuberta e como se repetiu con frecuencia na publicidade, o que sen dúbida contribuiu a convertelo nun éxito de vendas.

Non se trata tampouco dunha novela, carece de desenvolvemento argumental e o único vínculo entre os capítulos é o feito de que cada un deles se ocupa dun membro da familia Khan. Non se pode dicir, sen embargo, que sexa nin unha reportaxe, nin un retrato desta familia, xa que Seierstad non se limita á realidade, senón que fai ficción máis ou menos baseada nela. Agochándose tras unha voz narradora omnisciente, fala por boca de cada unha das personaxes e mes-

As mulleres, unha vez máis, vítima e excusa. Obxecto dunha represión brutal e sen precedentes, foron convertidas nunha das máis poderosas razóns para a invasión do país por parte dunha forza multinacional

mo transcribe os seus pensamentos. Todo iso fai que a formulación resulte un tanto confusa. O interese do libro reside en que cada personaxe se toma como excusa para tratar diversas cuestións, a maior parte delas relacionadas coa situación das mulleres, entre as que se poden destacar as seguintes:

► A situación en que queda unha muller cando o seu esposo contrae novamente matrimonio. A primeira esposa, que non é consultada sobre iso, queda nunha situación de desamparo e humillación, xa que pasa a ser ignorada e o seu destino é converterse en criada da nova parella, mentres socialmente é considerada como inútil porque se asume que se un home toma unha segunda esposa é porque a primeira non o satisfai.

► A imposibilidade de que o divorcio se leve adiante. Aínda que legalmente é posíbel, a muller divorciada perde os seus dereitos, os seus bens e os seus fillos (o seu home pode prohibirlle velos) e é causa da deshonra da familia, que pode mesmo expulsala.

► Os códigos estereotipados que rexen o matrimonio. O matrimonio é unha simple transacción comercial, un acordo entre familias no que ás mulleres, reducidas a

mercadoría, non se lles permite decidir nin opinar. A muller non pode rexeitar o matrimonio que a súa familia acordou, aínda que o home elixido para ela puidese ser o seu avó pola súa idade, fale unha lingua que ela non coñece ou teña unha familia numerosísima a quen ela estará obrigada a servir toda a súa vida.

mo Kandahar sempre foi frecuente entre os homes.

Dous dos personaxes, Mansur e Leila, resultan en boa medida representativos de moitos afgáns da súa xeración que arrastran a mesma pesada herdanza:

Mansur é un adolescente que non sabe cómo comportarse coas rapazas, nas poucas ocasións que

Os problemas das mulleres afgás non comenzaron cos talibáns e non remataron coa fuxida destes. [...] padecen aínda hoxe unha falta de liberdade escandalosa, mentres se lles negan dereitos humanos básicos.

ten de coñecer algunha. Homes e mulleres apenas teñen contacto entre si, son moi escasas as probabilidades de relación –non xa sexual senón de amizade– e calquera contacto está dificultado pola relixión. Mansur intenta coñecer rapazas e á vez séntese culpábel por sentir desexo sexual. Un amigo con menos escrúpulos aconséllalle que seduza unha muller pobre a cambio dunha esmola, por exemplo unha botella de aceite.

Leila é unha xove que serve en condicións de escravitude a súa extensa familia, ocupándose de tarefas domésticas agotadoras e sufrindo o desprezo e as esixencias de todos, incluídos os nenos, afeitos e insultar as mulleres desde a primeira infancia. Leila nunca estivo soa, nin sequera dentro da súa casa. A posibilidade de que algo faga cambiar o seu destino é ínfima, todos os días da súa vida serán iguais. Conmoven os seus esforzos

desesperados por procurar unha saída: apúntase a un curso de inglés, mais non é capaz de suportar a presenza de rapaces na mesma aula e abandona o primeiro día, coa aprobación da súa familia. Está atrapada polo inmovilismo social, mais tamén a bloquean as súas propias fantasmas. Tenta converterse en mestra (traballo que en calquera caso non a eximiría dos labores domésticos) e aínda que a escola está disposta a contratala, Leila non pode resolver por si mesma as trabas burocráticas, xa que carece da autonomía e do tempo necesarios para ir en autobús ata o Ministerio de Educación, onde debe realizar os trámites, pero ninguén na súa familia está disposto a axudala. Estes capítulos transmiten unha tristura e unha impotencia inmensas.


Seierstad mistura coas andanzas das personaxes, sen apenas unión, retallos de historia, cultura e relixión afgás que na súa maioría non son máis que pinceladas superficiais, repetición de lugares comúns dos que non se fai análise ningunha nin se tiran conclusións. Tamén inclúe descrições dalgúns lugares que poderían ter sido tirados de calquera guía turística: o *hamman*, a peregrinación a Mazar-e-Sharif, a celebración dunha voda, o xogo do *buzkashi*... non van máis alá do pintoresco e o anecdótico. En xeral, o interese literario do libro é moi escaso e na súa edición española vese prexudicado por unha tradución pobre e con erros.

Tanto *El grito silenciado* como *El librero de Kabul* dan a impresión de ser libros de circunstancias, escritos ao ditado da actualidade e con certa prisa; sen embargo, a ambas autoras hai que lles agradecer a súa implicación persoal, que as levou a viaxar polo país e entrevistarse con numerosas persoas, obtendo así información de primeira man, como poñen de manifesto nos seus libros.



► A represión dos sentimentos. Aínda no caso improbable de que dúas persoas poidan chegar a coñecerse e entablar unha relación, o amor non está permitido. Unha xove pode ser brutalmente apaleada pola súa familia polo delito de verse cun coñecido nun parque público. Recibir chamadas de teléfono, cartas ou agasallos dun home é un grave risco para unha muller.

A hipocresía respecto de todo o relacionado co sexo. O adulterio e a prostitución –única fonte de ingresos posíbel para moitas mulleres– están perseguidos pola policía. En caso de ser descubertos, o peor castigo sempre lle corresponde á muller. É posíbel que unha parella de mozos manteña relacións sexuais antes do matrimonio se o mozo soborna a algún familiar (varón) da noiva. A homosexualidade, que en tempos dos talibán era castigada coa morte, oficialmente non existe, aínda que en zonas co-



El suicidio y el canto

Sayd Bahodín Majruh (1928-1988), filósofo e poeta afgán, reuniu, tras percorrer xunto coa súa irmá os vales pastún, unha colección de *landais* compostos por mulleres. Os *landais*, unha das moitas formas da poesía pastún de transmisión oral, son brevísimos poemas cantados –*landai* significa «o breve»– compostos por dous versos de nove e trece sílabas. Existen *landais* de carácter culto e de carácter popular. Os primeiros están escritos por homes (os únicos que poden acceder á instrución), son de contido polo xeral relixioso e estereotipado, soen conter alusións coránicas e expresións persas ou árabes. Os segundos están compostos por mulleres, son anónimos e neles destacan dúas características moi chamativas: por unha parte, neles a muller é protagonista, non só fala de si mesma senón que ademais ten un papel moi activo e por outra parte, o tema é case exclusivamente amoroso, sempre tratado con intensidade e paixón.

Nunha sociedade fortemente patriarcal, rural e conservadora, na que a vida réxese pola relixión e a tradición resulta sorprendente

atopar versos coma estes en boca dunha muller:

*Primeiro tóname nos teus brazos e apértame,
despois percorre o meu rostro e béixame un a un todo os lunares.*

*Non hai un so tolo nesta aldea?
O meu pantalón cor de lume arde sobre as miñas coxas.*

*Ebrio porque che sorrín
voltariaste furioso se che ofrecese a miña boca.*

*Meu amor, vén domalo,
o corcel do meu corazón rompeu todas as súas bridas.*

*Abandona o servizo do teu señor e convértete no meu fiel
o teu salario serán os bicos da miña boca.*

*As outras pónense roupas novas para a festa,
eu continuo co vestido que conserva aínda o cheiro do meu amante.*

*Que o muecín lance a súa chamada á oración da alba,
non me ergueréi mentres non queira o meu amante!*

Na súa introdución, Bahodín destaca as condicións de vida particularmente duras que padecen as mulleres nas comunidades rurais, unha sociedade «[...] onde só os adultos varóns que pertencen á tribo e os seus subcláns son membros de pleno dereito, está totalmente rexida por valores masculinos e a súa base é o código de honor, nun contexto así, virilizado ao extremo, piadoso e fanático ao seu modo, a muller sofre unha dobre opresión física e moral» (pp. 13-14).

Nestas condicións propón Bahodín, as únicas opcións posíbeis que ten unha muller para mostrar a súa rebeldía son dúas: o suicidio e o canto. Parece unha afirmación demasiado tallante ou esaxerada, mais a trágica realidade é esa. Aínda que non hai datos sobre a incidencia do suicidio entre a poboación feminina afgá, é un feito que os suicidios de mulleres, incapaces

de suportar unhas condicións de vida inhumanas e desalentadas pola falta de expectativas, sucédense con demasiada frecuencia.⁴

É apaixonante constatar como as mulleres rexeitan as normas e o código de valores establecidos pola relixión, tradición e cultura. Plenamente conscientes da súa condición de mulleres e de oprimidas, manifestan a súa rebeldía cara á sociedade na que viven, ignorando o tabú que rexe sobre o sexo, cantan ao pracer erótico e ao amante. Como di Bahodín «sen que [os homes] o saiban nin o sintan, as mulleres deixaron de pertencerlles» (p. 64).

Os *landais* publicáronse por vez primeira en Europa a mediados dos anos oitenta, en Francia, a partir dunha tradución inicial do pastún do propio Bahodín. Compoñen esta edición de *El suicidio y el canto* dúas seleccións de *landais*, uns de Afganistán e outros do exilio—onde non se perde a tradición, senón que se amplía a temas como a saudade do amante ausente e da lonxanía da terra natal—, xunto con breves textos explicativos e unha descrición de Bahodín. A edición española foi preparada por Clara Janés a partir da versión francesa.

⁴ *Afghanistan: «No one listens to us...», cit., p. 15.*

Por mal camino

Libros

BADINTER, Elisabeth: *Por mal camino*, tradución Dolores Mascarell, Orix, 2003; Madrid, Alianza editorial, 2004.

ISAURA GRAÑA

O libro de E. Badinter, pretende unha intervención, moi apaixonada, na marcha que ela apreza no actual feminismo francés ou, do feminismo en Francia, marcado polo vitimismo que califica de *mal camiño* ou *fausse route*, como indica o título.

Descoñecendo eu o feminismo francés, a súa evolución, virtudes e defectos, comento o libro un pouco en abstracto ou aceptando, se se prefire, a apreciación da autora.

O libro comeza con «A viraxe dos noventa» a xeito de introdución, colocándonos na nova xerarquía de valores que existe na sociedade francesa e na que o feminismo tamén participa e o fai activamente. Como as mulleres teñen virado «de heroínas a vítimas», vitimización xeral da sociedade que ten redobrado o poder dos tribunais escoitándose por doquier penalización e sanción. Tamén a liberdade sexual que se demandaba nos setenta-oitenta, cede paso ao ideal dunha sexualidade domesticada.

A filosofía que fundamenta o actual feminismo vitimista é difícil de discernir, pois componse de dife-



rentes nebulosas nas que o culturalismo codéase co naturalismo e un esencialismo que endexamais declara o seu nome (p. 25).

A que califica de *lóxica da amalgama* ponse de manifesto nese xeito de ver e entender a violencia sobre as mulleres como un *continuum* que equipara e unifica violencias de moi distintos graos e até de naturezas non homoxéneas que dificultan unha apreciación da realidade e levan a un pensamento que ten componentes esencialistas, no que as mulleres, todas as mulleres, somos vítimas de violencia e todos os homes son agresores, e como, este xeito de ver as cousas se reforza co uso, en moitas ocasións, das estatísticas ao servizo dunha

ideoloxía que aínda que non se expresa abertamente si se percibe no esbare da condea dos abusos masculinos á denuncia incondicional do sexo masculino.

Unha *deriva americana* e que de seguir así, non ha faltar tempo para que se chegue, como en Princeton á considerar acoso sexual a «toda atención sexual non desexada que enxendre un sentimento de malestar ou cause problemas na escola, no traballo ou nas relacións sociais», extensión do concepto de violencia nesta e noutras direccións que abre a porta a calquera interpretación.

Un xeito de ir construíndo e vendo «o feminino» con moitas vetas esencialistas, irreal e non contrastado, negándose, por outra parte, a analizar o que non gusta (a participación das mulleres na violencia intrafamiliar ou social e política) e de atribuír ao sexo masculino, unha natureza agresiva e violenta.

A amalgama non é unha boa ferramenta de coñecemento. E a condea colectiva dun sexo é unha inxustiza que denota sexismo. Se convertemos a violencia no

triste privilexio dos homes, se se confunde o normal co patolóxico, chégase a un diagnóstico sesgado, pouco propicio para un bo arranxo (p. 69).

A Badinter *explota de ira* contra ese vitimismo e contra os obstáculos que tanto feminismo francés tece para «asumir a diversidade da realidade». Denuncia «o poderoso ascenso da ideoloxía feminista». «Paradoxicamente, no momento mesmo en que o feminismo desenvolve o tema da vitimización das mulleres é cando impón o seu xeito de pensar a gran parte da sociedade e as súas leis protectoras aos foros políticos» (pp. 151-152). O achegamento das mulleres á condición infantil e de inocencia.

Propón a análise de bastantes cuestións nas que interesa entrar, porque ademais non sempre a súa posición merece loubanzas: sobre a dominación masculina, sobre a trivialización da sexualidade, sobre o maltrato psicolóxico, sobre a universalidade tan cara ao republicanismo francés do que ela é unha fiel devota e que non sempre se coída de explorar canto de particular

se agacha atrás da gran palabra, o repunte do «instinto maternal», as propostas de paridade política, o separatismo sexual, a minusvaloración da subxectividade, o poder ao que se aferran as mulleres...

En ocasións o libro é contradictorio (en sexualidade, por exemplo), dicindo ou dando a entender aquí algo e noutro momento o contrario, pero, tampouco parece que pretenda unha análise exhaustiva desas cuestións, nin aporta, lido no contexto das publicacións feministas dos últimos anos, cousas teóricas de sustancia.

Sen embargo é de moito interese, porque aínda con esas limitacións e defectos, é tan apaixonada a súa chamada ás mulleres a non deixarse levar do vitimismo, a decidir de si, a non ir «de tutela en tutela» porque ese feminismo vitimista converte as mulleres en presas da agresión precisadas da tutela e protección do estado, das leis e de mais leis, que cada vez van cercando as relacións entre os sexos, de xeito que se acaba vendo e convertindo en *agresión* cousas insólitas. Todo se converte en

denunciábel e polo tanto se xudicializan de vez en vez máis as cousas que non sempre teñen que ver coas agresións sexistas ou coa violencia dos homes sobre as mulleres e que mesmo cando teñen que ver co machismo, tan fincado nas nosas sociedades –e na francesa tamén–, perfectamente pode encontrar vías de arranxo e solución da man das mulleres, suxeitos activos, capaces de tomar solucións sen intervención de terceiros.

Irrestrita, tamén, a súa defensa da igualdade e de traballar para procurar relacións entre os sexos mais harmónicas, desbotando as posicións que coloquen as mulleres no terreo da inocencia e aos homes na posición de verdugos, porque, se iso é así, pregunta ela, de onde virá a salvación?

En fin, convén a súa lectura, mesmo resulta moi saudábel para debate aquí, porque, deixando de lado ao feminismo francés, a proximidade filosófica e política do feminismo maioritario nestes lares, merece tomar en consideración boa parte das cuestións que

Un milagro en equilibrio

Libros

ETXEBARRÍA, Lucía: *Un milagro en equilibrio*.
Premio Planeta, 2004.

ÁUREA SÁNCHEZ

O mellor de *Un milagro en equilibrio*, de Lucía Etxebarría, é o título. O último libro da autora, Premio Planeta 2004, é unha copia fiel do seu anterior, *Beatriz y los cuerpos celestes*, Premio Nadal 1998.

Comecei a lerlle as súas obras por curiosidade; porque vin a autora por televisión en programas diversos, e porque me falaban dela mulleres que desexaban, xa hai anos, imitar o seu método de facerse famosa. Aseguraban as imitadoras que leva a cabo un plano ben estudado, un plano que dá resultados satisfactorios.

O primeiro libro seu que lin foi un que merquei facendo tempo para desprazarme a un aeroporto. Atopei *Curiosidad, amor, prozac y dudas* nuns grandes almacéns, unha edición barata pero moi suxerente. Que mellor divertimento para ocupar aquelas horas mortas que me quedaban do día! Así foi como coñecín o seu estilo, as súas teimas, as súas inqedanzas vitais, porque o que pasou despois coas seguintes obras de Etxebarría non foi máis que unha insistencia no mesmo tema, con parecida estru-



tura. Ao meu modo de ver, unha repetición da novela primeira, coa que se deu a coñecer.

Sorprendeume que gañase o Premio Nadal cunha novela de tan feble trama como a de *Beatriz y los cuerpos celestes*, pero entendo que é unha autora de mérito porque conecta moi ben co público, e ter lectores é o máis importante para unha editorial de hoxendía. Planeta sábeo ben, por iso premiouna co libro *Un milagro en equilibrio*, Por que non?

Está presente nos seus escritos esa rebeldía xuvenil, ese enfrontarse a un mundo que non está feito á medida da protagonista.

É moi evidente que a escritora busca a complicidade dos lectores

contando problemas cotiáns da cidadanía media, pero non poden deixar pasar por alto que os seus protagonistas sempre teñen problemas coas drogas, co alcol e, como non, co sexo. Son *outsiders* en mans do destino. En todo caso os protagonistas non nos convencen de por que son alcólicos, teñen unha vida familiar chea de demos ou non atopan unha parella sexual satisfactoria.

Sabe a tan pouco ese acto de amor descrito ao final de *Un milagro en equilibrio* (páxinas 409 a 411) no que se supón que foi concebida a filla da protagonista! Sabe a pouco, porque eu creo que a personaxe necesita unha tregua, algún tipo de recompensa na súa loita. A autora é implacábel ata o final, e eu creo que a desafortunada Eva Agulló merece un premio, por pequeno que sexa. A filla que nace dese encontro casual non é abondo.

O pai da criatura é un home sen personalidade, etéreo, incríbel, co que a protagonista mantén unha relación de comenencia; demasiado cordial se temos en conta o seu temperamento ao longo da obra.

E non digamos do exitoso habitante de Nova Iorque do que non se pode dicir máis que as iniciais do seu nome e apelidos, un tal FMN, que parece copiado de *Pretty Woman* sen que en ningún momento da novela se dean mostras de que houbo enamoramento de ningún tipo.

Quen deixou a quen neste caso? Eva Agulló non cre no amor. Di que é un treta burguesa. Pensabamos que o matrimonio estaba en decadencia, pero se tamén nos quitan o amor, que nos queda? A que agarrarnos? Este é o fondo do problema que nos presenta a obra de Lucía Etxebarría: o de non darnos unha esperanza a tanta problemática que nos mostra nas súas novelas.

Cales eran os motivos de FMN para mercarlle roupa de marca a Eva Agulló? Eva era xa así de crítica coa súa propia vida cando o coñeceu? Por que accedeu a unha relación da que non recorda máis que o peor de sí mesma?

En calquera caso, como digo, a autora é pouco benevolente coa protagonista principal: non lle dá

respiro. Tena todo o tempo presa do seu destino, vítima dos seus erros. Aínda non sei cómo é capaz de escribir esa longa carta se está todo o tempo bébeda, cando non recordando o tempo no que era unha adicta ao alcol. Era a de Nova Iorque unha boa oportunidade para describir como se sente unha muller namorada ao estilo burgúes, porque Eva Agulló pertence a unha familia burguesa. Se se someteu ao ditado dun dominante como FMN, habería que ver qué tivo que facer para contentar un home con cartos, sen moita cultura, pero con certa dose de determinación, a que lle faltaba á moza que cae nas súas redes de conquistador. Nada diso se nos mostra. Por veces tiven a impresión de que o home en cuestión non tivo rostro nunca, que quizais foi unha percha na que a escritora colocou sobre os seus ombreiros todo o que lle deu a gana. Como non parece real o amor que sentiu por el, o feito de arrepentirse de querelo, resulta ridículo.

A autora dixo que *Un milagro en equilibrio* non é un libro sobre a



maternidade. Efectivamente non o é. Quixo dicir que si é unha reflexión sobre a vida e a morte, pero tampouco. Unha nai que aposta tan pouco pola vida, non ten creto cunha crianza nos brazos.

É ata desesperante ver a protagonista dar paus de cega todo o tempo, como cando afirma sen convencer que non pode dar peito ao seu bebé. O revolucionario e atrevido sería que Eva Agulló amantase a súa nena e puxese así en evidencia tanta pasividade de pediatras, matronas e sociedade en xeral.

Porque a maioría das nais non dan peito, como a protagonista, argumentando situacións incomprendibles, mentres as multinacionais se forran vendendo leite artificial.

Outra cuestión a analizar é a obsesión da escritora por expoñer a modo de sermón toda unha serie de teorías filosóficas que pouco teñen que ver co que acontece.

Non se circunscribe so aos traballos literarios de Lucía Etxebarría esta teima tan común de darnos xaculatorias sobre moral e

ética. É costume tamén doutros escritores contemporáneos seus.

Sorpréndeme que, estando nun tempo no que non queremos que se nos dea doutrina de ningún tipo, Lucía Etxebarría se empeña en xaculatorias sobre moral, ética e coherencia. Preferiría que gardase as conclusións, porque estas pertencen ao lector, non á escritora, non á protagonista. Á protagonista tócalles vivilas.

Os lectores descubren unha lenda que escribe como fala e que fala cun dominio do vocabulario admirábel. Iso tamén.

As personaxes non evolúen, agás o romeno, de nome Antón. A protagonista é moi activa, faladora e comunicativa, pero incapaz de atopar a liña de meta para saír correndo cando toque a arrebato. É a mesma protagonista, o mesmo tipo de persoa, cando comeza a historia que cando remata. As pinceladas do seu pasado fan cambiar pouco a visión que se ten dela mentres escribe a longa carta.

Unha pregúntase, se pode analizar a súa vida con tanto convencemento, como é que ten tan pouco

éxito en mudar de situación? Non chega a lograr unha vida plena.

O tema que se trata, por tanto, non é a vida en equilibrio senón o *temor a vivir* e o *medo a morrer*. Non se quere a vida, pero témesese a morte. Nin coa vida nin sen ela teñen os seus males remedio.

O filósofo advertiría que *quen mal anda, mal acaba* ou aqueloutro *vivir agradecendo a vida para poder aceptar a morte*, sen embargo, a autora monta un plano aparte; un caos no que atrapa os seus protagonistas. O seu esquema máis obstinado é o de confundir os papeis da autora coa protagonista. Quizais sexa feito a propósito. Para iso a autora-protagonista veu facendo un lugar ao sol nos medios de comunicación; condición indispensable para chegar algún día a gañar un premio como o Planeta.

Non me sorprende nada que llo desen. Levaba tódalas trazas de gañalo. Un currículo impecábel. 6

Mara y sus amigas. Investigación sobre la prostitución en Galicia

Libros

LÓPEZ RIOPEDRE, José: *Mara y sus amigas.*
Investigación sobre la prostitución en Galicia,
Lugo, Editorial Manuscritos, 2004

 NANINA SANTOS

Interesante o libro de Pepe L. Riopedre porque, tal e como di o subtítulo se trata dunha investigación sobre a prostitución en Galicia. Hoxe, en Lugo e centrada –aínda que non exclusivamente–, nos pisos de contactos.

O primeiro reseñábel do libro é que Pepe parte dunha idea moi importante: A prostitución é un fenómeno social complexo e esencialmente heteroxéneo. Idea que parece de PeroGrullo pero convén sinalala porque a cotío se simplifica e homoxeneiza a cuestión, no que teñen unha responsabilidade incuestionábel os Medios de Comunicación ao difundir e/ou perpetuar o que o autor considera o erro inicial «que é o considerar a inmensa maioría das prostitutas como mulleres traficadas, vítimas de redes mafiosas e criminais». (205) Afirmación que tamén sinala que avala as teses abolicionistas porén non demostrábel con datos rigorosos.

Dinos, ademais, cáseque desde o comezo en que marco teórico se coloca que é tamén, unha aclaración do punto que adopta o inves-



tigador sen esas pretendidas neutralidades que con frecuencia se demostran ben parciais.

Dito isto e colocando como eixe central da prostitución o diñeiro, métese, e metenos, na súa investigación, nas historias de vida, nos clubs, nos pisos, nas conclusións.

As historias de vida sempre interesantes, porque latexan seres humanos que viven, coas súas esperanzas, dificultades, alegrías. Nelas e delas aprendemos e sabemos algúns oas problemas deste traballo que as máis das veces desde fóra se ve como algo estrano e cheo de fantasmas, que ademais fan mulleres tamén raras. Moitas das dificultades podense apór ás condicións nas que se exerce a prostitución: ale-

galidade, clandestinidade que permiten abusos que non se producirían noutras circunstancias. Outras dificultades aínda que específicas deste traballo non son tan distintas das que viven outras persoas noutras traballos.

Dísenos que non é o mesmo exercer en clubs que en pisos de contactos aínda que hai fluír entre ambas modalidades de prostitución, pero, os traballos en clubs resultan, en xeral, máis duros.

Algúns dos datos que Pepe aporta quizais non sexan moi novidosos, sen embargo convén non dalos ao esquecemento: O 86% resposta que de todos os empregos que tiveron a prostitución é o mellor pagado. O 95% é favorábel a organizarse para reclamar os dereitos civís e sociais. De seguro que si sorprende o dato de que un 57% se considera feminista.

Eses datos reforzan outra idea moi relevante que Pepe defende nas súas conclusións: As mulleres que exercen a prostitución non son seres pasivos, traídos e levados, manipulados e que executan actividades que nada teñen que ver coa súa



vontade. «O rol de actor social non encaixa co rol de vítima que a sociedade dominante pretende imporlle». (p. 161)

«Este discurso dominante non se corresponde cos relatos biográficos e o contido das entrevistas no seu traballo de investigación». Afirmo que este proceso de victimización, de negación de seres activos, pretende «a negación o dereito de autodeterminación sexual das mulleres» e lévanos, mais unha vez ó estigma. «A victimización nega a posibilidade da existencia da prostitución voluntaria. A prostituta convértese así nunha menor de idade e deste xeito a intervención e o control social están plenamente xustificadas» (p. 210).

Non nega a existencia «de redes mafiosas que se adican a enganar e a traficar con mulleres, pero de aí a xeralizar estes feitos e establecer un nexa monocausal entre o tráfico de persoas e a prostitución constitúe no mellor dos casos un inocente erro». (205-206)

Tamén son interesantes o proceso de criminalización e a prostitución como un dos chivos expia-

torios «máis sólidos do noso sistema social».

Outros asuntos tamén están no libro así como un capítulo adicado a Florianópolis, Brasil, no que nos conta da asociación «Vida em Liberdade», fundada en 1999 por tres prostitutas e tres membros do Instituto Arco-Iris, asociación que a remate do 2000 intégrase na Rede Nacional de Prostitutas. Brasil vén ao caso porque esta experiencia é interesante e porque Pepe ten intención de establecer algunhas liñas de comparación como nos di na introducción. Conclúe con sete páxinas de bibliografía.

Traballos deste tipo necesitanse máis. Investigacións concretas e desprexuzadas, fuxindo dos estereotipos e ideas máis comúns tan presentes na nosa sociedade fortemente sexófoba e misóxena, á que lle custa aceptar que haxa mulleres que en uso da súa liberdade queiran gañar cartos –non fáciles, como di Sabela nunha das entrevistas: «de fáciles, nada»– recorrendo a un traballo nada recoñecido pero mellor pagado: a venda de servizos sexuais. **16**

En tiempos de Antoñita la fantástica

Libros


URÍA RÍOS, Paloma: *En tiempos de Antoñita la Fantástica*, Madrid, Foca, 2004.

N. 5.

«O propósito deste traballo ten sido analizar a narrativa para nenas e adolescentes escrita por mulleres en España, durante os vinte anos que seguiron á finalización da Guerra Civil», di Paloma Uria no epílogo do libro. Contos e novelas escritos e/ou publicados entre 1939 e 1959, data, esta última, algo convencional «[...] unha época única e estraña que durou máis de vinte anos e que produciu unha literatura dificilmente transplantábel e dixeríbel fóra daquel peculiar e afortunadamente superado momento histórico».

Unha literatura fortemente ideoloxizada que cumpre a misión que políticos e pedagogos do réxime franquista queren de educar a nenas e xoves insistindo nun tipo de valores con sinalada presenza da relixiosidade tradicional e moralidade estrita. Naturalmente difundindo mística da feminidade e educación segregada segundo sexos.

A análise exhaustiva e minuciosa da literatura daquel tempo ten suficiente interese xa que estas lecturas servían para a formación das nenas e xoves daquela época (as



que tiñan acceso aos libros, á escolarización), que hoxe son nais ou avoas.

Porque aquel foi o ambiente intelectual e literario no que se produciu unha bastante interesada literatura narrativa para nenas, adolescentes, xovenciñas.

Nese caldo de cultivo escribiron as autoras que Paloma Uria estuda, mulleres con pouca formación e pericia literaria boa parte delas e que «[...] cáseque sen excepción representan unha determinada concepción da feminidade, que é a que vimos sinalando en todo o traballo: muller amante do seu fogar, esposa, nai ou mestra, de costumes tradicionais, relixiosa e dunha moralidade irreprochábel, que recoñece a superioridade e a autoridade

de do varón. Esta concepción da feminidade é a que tratan de transmitir a través das súas narracións».

Cuestión que tamén se reflicte na posición que adopta a narradora (omnisciente, colocada fóra do texto...), no desenvolvemento argumental e ambientación, ao que hai que sumar as escasas pretensións das autoras.

Relatos lineais, torpes, con poucos recursos, personaxes sen penetración psicolóxica, tópicos, con influencia da novela de folletín (de longa tradición nas novelas decimonónicas lidas por mulleres).

Deste marco xeral escapan os contos infantís que recorren ao elemento marabilloso, á fantasía, coitando o estilo e, en ocasións con linguaxe poética e tamén escapa á serie narrativa de Emilia Cotarelo (Mari-Pepa), Borita Casas (*Antoñita la Fantástica*) e Elena Fortún (*Celia*), relatos que forman o piar do libro, non en van exerceron en moitas lectoras, entre as que se conta Paloma Uria, un poder de identificación entrañábel.

Ademais da análise dos textos narrativos, falaremos das autoras,



e da literatura infantil e xuvenil deses vinte anos que formaron a xeracións de mulleres non só as nacidas entre 1939 e 1959 (que hoxe teñen de 46 a 66 anos), senón a todas as que eran nenas e xoves cando a Guerra Civil. Así, os tempos aqueles, afortunadamente idos, aínda rescaldan e quizais algo máis, non só en quen os viviu, senón tamén nas fillas e fillos daquelas mulleres que herdarían ou se rebelarían? ou ambas cousas? aos valores, moralidade, ideas e costumes recibidos desde as súas proxeitoras.

É moi brillante o prólogo no que Paloma nos conta o recordo dunha infancia que se espertou nela a través do olor dun conto de Mari-Pepa.

Antes de describir lembranzas, unhas moi vívidas outras máis borrosas, de tantas cousas que facían as vidas, as imaxes, os oídos (as velas, os apagóns, os ladrillos cos que se quencían as camas, as Santas Misións ao son daquelas cancionciñas de «Pecador no te acuestes / nun-

ca en pecado; / no sea que despiertes / ya condenado». As leccións de ximnasia das *señoritas* da Sección Feminina coas mozas en pololos e desfilando co «Cara al Sol»; as latas de azucre de estraperlo, as marcas das bastas segundo se ía medrando e mesmo o sorriso ao lembrar que até os quince anos non viu un bico na boca, precisamente en París...) nos lembra o terríbel:

Os nenos da posguerra, sinaladamente aqueles de familias que non sufriron directamente a represión ou a pobreza, pasaron a súa infancia ignorantes do que acontecía no mundo real. Un manto de silencio cubriu o pasado inmediato, e os medos, as angurias, a desesperanza ou os remorsos e as desilusións das persoas maiores

agocháronse sob ese manto. Nunca os adultos faloron tan pouco, nunca foron tan reticentes nin evitaron tantos temas ou contestaron con tantos silencios incómodos e miradas de esguello ás indiscretas preguntas infantís ou xuvenís. O que si sabíamos os nenos era

que todo cambiara uns anos antes, cando a guerra, e sabíámolo por alusións remotas: morreu cando a guerra, marchou cando a guerra, deixamos de velo cando a guerra, perdeu a perna cando a guerra... E só de tarde en tarde un sorriso nostálgico, Lembraste, antes da guerra...?

E fomos tan felices, tan inconscientes, tan egoístas no noso pequeno mundo de xogos e pelexas, de colexio de monxas, de lecturas e estudos, de vida confortábel e segura; tan egoístas que, vinte anos despois, cando comezamos a coñecer a dimensión da traxedia xa era moi tarde para preguntar, para tratar de comprender, para compartir, demasiado tarde para consolar. Fixemos o único que nos pa-


Boletín
de subscrición



andaina

Revista Galega de Pensamento Feminista

receu posíbel: esquecernos da nosa infancia sen nos dar conta de que o pasado forma parte xa para sempre do noso presente e que só poderemos aceptarnos e comprendernos se aceptamos e comprendemos desde o principio o longo camiño da aprendizaxe.

O libro é algo desigual, con momentos brillantes e algúns outros máis pesados (o repaso obrigado de autoras que un estudio ten por forza que considerar) pero en conxunto estupendo. Con catro páxinas longas de bibliografía, un apéndice dos autores e obras analizados no texto. Un prólogo, un epílogo e sete capítulos ben estruturados e con frecuentes recapitulacións e as ilustracións das portadas dalgúns destes relatos que nos devolven a moitas mulleres xa entradas en anos (entre as que me encontro), o recordo de lecturas, vivencias e complicidades da nosa infancia. 

Nome

Apelidos

Enderezo

Localidade Código Postal

Desexo subscribirme á Revista **Andaina**

a partir do nº

Prezo: *Tarifa normal* 15 € ano

Tarifa de apoio 16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo

Transferencia bancaria á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Data

Bco/Caixa Oficina

Localidade

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade Oficina

Dc Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**. Atentamente:

Nome

Apelidos

Sinatura do/a titular da conta:



Mercedes

e a vida nómade



 ANA PIÑEIRO GARCÍA*

Ésta é unha historia de loita. Mellor dito, da necesidade de loitar para axudar a sacar adiante unha familia. Mercedes pasou toda a vida de cidade en cidade ou de pobo en pobo traballando dende nena para subsistir.

Mercedes naceu na vila mariñeira de Cariño no ano 1928. Sendo a maior de catro irmáns, xa dende moi pequena tivo que espelir e poñerse a traballar carrexando peixe na praia ou indo por leña ao monte. Ela era a encargada de ir mercar á feira, erguéndose cedo para andar os 15 quilómetros dende a súa casa á feira.

Levantámonos para ir á feira cando aínda era noite e íamos co peixe ou co marisco, que era o que había en Cariño, a cambialo por fariña ou manteiga. Se non nos chegaba leváámolo de fiado e volvíamos ao outro día.

As circunstancias obrigárona a valerse por si mesma. Con 11 anos xa baixaba os cantís de S. Andrés de Teixido para ir aos percebeos sen que o soubese a súa nai, mentres que o seu pai lle daba un chupiño de caña ás agachadas para lle dar alento. Unhas veces chegaba á casa cos percebeos para vendelos e outras requisábanllos e quedaba sen nada.

* Ana Piñeiro é neta de Mercedes Casal.

Lembranzas dunha época

Acordo un día que a miña nai non puido ir traballar porque acababa de dar a luz a meu irmán e eu levei a miña irmá pequena da man a carrexar peixe na praia. Gañamos tres pesetas entre as dúas e cando llas fomos dar a miña nai para o neno, ela botouse a chorar.

Xa con 13 anos, Mercedes foi vivir á Coruña cos seus pais, e despois ó Vicedo, e logo a Lugo, onde estivo traballando na casa dun político, na que pouco durou. De volta no Vicedo coñeceu un médico ó que foi curar un dedo que rompera e el preguntoulle se quería ir traballar á súa casa coidando dos nenos.

O médico do Vicedo si que me trataba coma familia, non coma en Lugo, con aquela muller tan rara que protestaba por todo. Alí non había quen aguantase.

Cando voltou a Cariño, despois de varios anos na casa do médico, estivo traballando (como a maioría das mulleres da vila) na conserveira. Alí fixo amizade cun tío dun médico que traballaba en Ferrol, e que lle pediu que fose substituír a cociñeira do seu sobriño durante un mes.

Eu non quería ir para Ferrol, pero miña a irmá convenceume para que fose traballar á casa do médico por un mes. Ai, si! Alí quedei quince anos!


Naquela casa, Mercedes facía un pouco de todo, era ama de chaves, cociñaba, pero, sobre todo, era a responsable de coidar dos sete fillos do médico. Alí en Ferrol viviu a tensión da posguerra moi de preto. Os rapaces, que estudiaban en Santiago, tiñan ideas comunistas e ían sempre ás manifestacións na rúa, o que lles causaba non poucos problemas.

Eu sempre ocultaba os nenos. Unha vez detiveron un deles e aló fun á comisaría a pedirlle a un inspector que eu coñecía que non lle fixese nada, porque daquela aos detidos dábanlles malleiras. El deixouno ir, e eu, como os pais non estaban e non souberon nada (polo ben do rapaz) tiveron que deixalo sen saír.

O médico e a muller confiaban nela para manexar a casa e os nenos, que lle colleron moito cariño. Todo o mundo a coñecía, ata o punto de que a xente que enfermaba lle preguntaba os remedios a ela, no canto de ir xunto ao médico; ata as amizades del querían que fose traballar tamén ás súas casas. Pero pouco a pouco a relación con outra parte da familia foise deteriorando pola culpa dos ciumes, e a convivencia deixou de ser tan perfecta.

Unhas amigas da familia déronme tres mil pesetas polo Nadal, moitos cartos daquela, e querían avalarme un piso cerca da súa casa para que fose traballar alí, pero eu xa non estaba a gusto naquela cidade.

Cando quixo deixar a casa do médico, a familia non estivo moi de acordo, pero Mercedes, vendo que as cousas en Cariño e a súa familia ían a mellor, voltou ao seu pobo natal, onde se instalou definitivamente.

Agora todo é diferente. Antes, se as cousas estaban difíciles, facías a maleta e ías traballar onde fose e do que fose. Eu pasei media vida gañando os cartos de casa en casa, agora case ninguén se ten que marchar. Hai outra educación e as cousas van moito mellor que daquela. 

rombos

SOFIA SEQUEIROS

É xenial Lorena Berdún dirixindo o programa *Dos rombos* da produtora catalá El Terrat para TVE que se emite os xoves.

Naturalmente, como se trata de sexo, a unha hora avanzada: 23.30.

Despaxo e desenvoltura falando de cualquera cousa de sexo: os últimos inxenios eróticos do mercado, as preguntas dos interlocutores sexan estas cales sexan, dialogando coas persoas convidadas.

Non estabamos moi afeitos a esta liberdade e o certo é que nos gusta moito.

Ar fresco perante as tendencias tan potentes de puritanismo e/ou castidade das que a xerarquía da Igrexa católica é unha fan enfermizada.

Ar fresco tamén para quen pensa as relacións sexuais entre homes e mulleres como unha continua imposición de varóns ou como cesión perpetua das mulleres.

A súa frescura e xuventude son valores engadidos ao saber facer, á formación e bagaxe adquirido en anteriores programas de radio e televisión (*En tu casa o en la mía*, *Me lo dices o me lo cuentas*, Canal 40, Telemadrid, ETB2, Canal Sur) ou nos libros publicados.

Hai quen opina que desto non hai que falar nin decir (intimidades nas que cada persoa se busque a vida e se arranxe como poida). Que, ao igual que o comer ou pestanexar non precisamos que se nos ensine. Sen embargo, moitísima xen-

te non opinamos así. Claro que para un mellor disfrute do sexo e das relacións sexuais, para evitar perigos e problemas, para coñecer máis fai falta que se nos ensine e que se nos ensine desde idades cedoiras.

Un programa formativo e informativo, sen morbos particulares, con gusto, vitalidade e de realización amena e lixeira é ben interesante e necesario. Os hábitos sexuais están cambiando con bastante rapidez e este programa que pode falar da infidelidade, *da primeira vez*, do orgasmo, etc., é moi de agradecer porque está ben feito e é de utilidade pública.



Axenda

Puntos de venta

A Coruña

Librería Couceiro. Praza do Libro, 12

Librería Xiada. Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume. Rúa Fernando Macías

Pontevedra

Librería Michelena.

Rúa Michelena, 22

Librería Paz. Peregrina, 29

Santiago

Librería Couceiro

República del Salvador, 9

Librería Pedreira

Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central

El Kiosko. Praza de Galicia

Ourense

Livraria Torga. Rúa da Paz, 12



dorian
PELUQUEROS

C. Betanzos, nº. 15
Santiago de Compostela
Tel.: 981 563 677



Asesoría Turística
AQUANOVA
viajes

Benito Corbal. 16
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra

ALGÚNS ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERÉSE

A Coruña

Centro de Información dos Dereitos da Muller

Polígono de Elviña (zona de Birloque s/n). Tel.: 981 282 044

Santiago

Servicio de Asesoramento das Mulleres Concellería da Muller

Horario: mañá de 10 a 13 / tarde dos luns, mércores e venres de 17 a 19 h.

Praza da Constitución s/n. Tel.: 981 571 461

Centro de Información dos Dereitos da Muller. Alecrín

Horario: 9:30 a 1:30 / 5 a 8 h de luns a venres.

Rúa Galeras, 13-3º oficina 6. Tel.: 981 573 913

Centro de día para mulleres prostitutas

Horario: 10 a 2 / 5 a 8 h de luns a venres.

Rúa Galeras, 13, 3º-E. Tel.: 981 554 115

Vigo

Coordinadora Feminista de Vigo

Colón 9. Entrechán, oficina 4. 36201 Vigo. Tel.: 986 220 464

Alecrín

Centro de Documentación, biblioteca, hemeroteca

Horario: 10 a 1:30 / 4 a 8 h de luns a venres.

García Barbón, 30 - 5º. Oficina 8

Tel.: 986 439 459

Centro de día para mulleres prostitutas

Horario: 10 a 2 / 5 a 8 h de luns a venres.

Rúa Elduayen, 23-1º. Tel.: 986 224 193

Centro xove de saúde sexual e anticoncepción

Horario: 10 a 1:30 / 5 a 8 h de luns a venres.

Rúa Lugo, 2-1º. Tel.: 986 443 246

Casa da Muller

(Centro Municipal de Asesoramento dos Dereitos da Muller)

Rúa Romil, 20. Tel.: 986 293 963

Plataforma de Madres en Acción

Pizarro, 53-5º D. Tel.: 986 417 976

Vilagarcía de Arousa

Asamblea de Mulleres de Arousa

Doctor Carus, 7 – Oficina-G. Ed. León XII

Pontevedra

Asesoría Xurídica Mulleribus

Asamblea de Mulleres de Pontevedra

Benito Corbal, 36-1º. Tel.: 986 865 028

Horario: Martes e Xoves de 19 a 21 h.

Xanela. Apartado 90. 36810 Redondela

Ourense

Asociación Galega da Muller

Apartado 679

S.G.I.

Servicio telefónico de asesoramento gratuito. Tel.: 900-400 273

Susan Sontag



Susan Sontag nace en New York no ano 1933 aínda que medra entre Tucson e Los Angeles. En 1951 licénciase na Universidade de Chicago depois de pasar pola Universidade de Berkeley. Aos 17 anos casa co sociólogo Philip Rieff e traslada a súa residencia a Boston, onde cursa estudos de posgrao de literatura e filosofía. Culminará a súa aprendizaxe universitaria en Europa (en Oxford e na Sorbona).

En 1968 vai como xornalista a Vietnam durante a guerra, as vivencias neste período marcarana profundamente.

Foi unha muller curiosa e interdisciplinaria: escribe novelas e ensaios e dirixe teatro e cinema.

Algunhas das súas obras son: *O benefactor*, *En América* (novelas); *A enfermidade e as súas metáforas*, *Sobre a fotografía* (ensaios).

Feminista e muller comprometida, implicouse activamente na loita contra as intervencións do seu país no Vietnam e no Iraq, así como no conflito dos Balcáns. Depois do atentado contra as Twin Towers foi brutalmente atacada polo *establishment* estadounidense por analizar as causas do acontecido desde unha perspectiva crítica coa actuación dos EE. UU. no mundo, ante a dureza das críticas ela remata pedindo desculpas. A pesar do cancro que a destruíu non deixou de escribir sobre temas polémicos: o seu último artigo publicado no *The New York Times Magazine* reflexionaba sobre as fotos das torturas de Abu Ghraib.

Os quince derradeiros anos da súa vida pasounos ao lado da fotógrafa Annie Leibovitz. Susan Sontag morre no ano 2004 e os seus restos descansan nun cemiterio de París.